

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 7 de novembro de 2025

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día 7 de novembro do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romy, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Belén Cachafeiro Anta e Paula Bouzós Barros* e o deputado *Marcos Guisasola Padín*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35742.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2025.

2.35743.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA "ENSANCHE E MELLORA DA E.P. 4102 LEIRADO-LIRA, DENDE O P.Q.. 1+000 ATA O P.Q.. 1+877 (CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO)". (EXPTE. 2025064133)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.



Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada EP 4102 LEIRADO-LIRA que percorre o termo municipal de Salvaterra de Miño pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 1.670 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada resulta necesario o acondicionamento dun treito duns 900,00 metros da estrada EP – 4102, co fin de mellorar a funcionalidade da vía e a súa seguridade, tanto para o tráfico rodado como peonil.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., , o proxecto de execución da obra “Ensanche e mellora da E.P. 4102 Leirado-Lira, dende o pq. 1+000 ata o pq. 1+877 (Concello de Salvaterra de Miño)” cun orzamento base de licitación de 559.261,58 € IVE incluído. A este proxecto asinouse o código CSV: 9X3YZNK3RMP0NAHA.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Movilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adjudicar o contrato de obras “Ensanche e mellora da E.P. 4102 Leirado-Lira, dende o pq. 1+000 ata o pq. 1+877 (Concello de Salvaterra de Miño)”

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC número 12025000179974 por importe de 559.261,58 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial, dentro do proxecto de gasto nº 2024081120, certificando a existencia de consignación orzamentaria para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que consta no expediente informe favorable de fiscalización do proxecto CSV: 40UR1E8SDRNH7RKW.

Considerando.- Que a existencia de informe de supervisión non é preceptiva dado que non se superan os límites establecidos no art. 235 da LCSP e as actuacións non afectan á estabilidade, seguridade ou estanciedade da obra.

Considerando.- Que de acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo “a) Obras de primeiro establecemento, reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación”, ao tratarse dunha obra de reforma dos espazos públicos, onde se realizará unha ampliación de plataforma e mellora tanto do firme como da drenaxe existente.



Considerando.- Que polo carácter e ámbito das obras, que delimitáanse exclusivamente a plataforma da estrada, no dominio público viario titularidade desta Deputación, unicamente a nivel superficial, mellorando a drenaxe e pavimentación do firme existente en un viario completamente consolidado non se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: "...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación..."

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

- Aprobar o proxecto de execución da obra "*Ensanche e mellora da E.P. 4102 Leirado-Lira, dende o pq. 1+000 ata o pq. 1+877 (Concello de Salvaterra de Miño)*" redactado polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., cun orzamento base de licitación de 559.261,58 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 9X3YZNK3RMP0NAHA.

3.35744.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DO SEGURO A TODO RISCO DE DANOS MATERIAIS EN INMOBLES DA DEPUTACIÓN, CONTRATO BASEADO NO LOTE 2 (SEGURO DE DANOS MATERIAIS PARA ENTIDADES LOCAIS E ENTES DEPENDENTES CON RANGO SUPERIOR A 10.000 HABITANTES) DO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS DE SEGUROS DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP. (EXPTE. 2025067951)

A concepción actual da actividade administrativa, entendida nun sentido amplo, fai necesaria a contratación de seguros que permitan cubrir as necesidades das entidades locais fronte aos distintos riscos que poidan afectar á propiedade ou a outros intereses asegurables sobre os seus bens mobles e inmoables.



A xustificación desta contratación baséase na necesidade de protexer os bens propiedade da Deputación de Pontevedra, así como aqueles sobre os que posúa un interese asegurable, fronte a danos ou perdas materiais derivados de riscos como incendios, danos por auga ou outros sinistros similares. A transferencia destes riscos a unha compañía aseguradora resulta esencial para garantir a conservación do patrimonio da Administración, previndo posibles consecuencias económicas que poderían afectar tanto á Deputación como a terceiros, e evitando asumir directamente elevados custos de reparación ou indemnización en ausencia de cobertura aseguradora.

Actualmente, a Deputación ten subscrito un seguro de danos en inmobles, con vencemento o 31 de decembro de 2025 e sen posibilidade de prórroga. Por iso, faise necesario proceder á contratación dun novo seguro de danos sobre os bens inmobles da Deputación, con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2026.

Por outra banda, a Deputación de Pontevedra adheriuse á Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) mediante acordo plenario adoptado en sesión do 27/11/2020 e dita Central adxudicou, en beneficio dos seus asociados, un Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros. En virtude deste Acordo Marco, as entidades locais adheridas poden subscribir contratos baseados nas condicións establecidas coas empresas adxudicatarias, incluíndo todos os servizos recollidos nos pregos correspondentes. Tendo en conta que no Acordo Marco para a Contratación de contratos de seguros da FEMP figura como LOTE 2 o “*seguro de danos materiais para Entidades Locais e entes dependentes con rango superior a 10.000 habitantes*” que se adecúa ás necesidades da Deputación de Pontevedra, considérase axeitado subscribir o correspondente contrato baseado para a contratación deste seguro.

Ó tratarse dun seguro para dar cobertura ós prexuízos económicos por danos materiais que podan producirse nos bens propiedade da Deputación por eventuais sinistros, acredítase a necesidade e idoneidade do contrato que establece o artigo 28 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Por este motivo, con data 23 de outubro de 2025, o Deputado delegado de Acción Comunitaria, Equipamentos Públicos, Fondos Europeos e Estación Fitopatolóxica de Areiro dita providencia na que se propón iniciar o expediente para a contratación dun Seguro a todo risco de danos materiais en inmobles da Deputación de Pontevedra, Contrato baseado no lote 2 (seguro de danos materiais para entidades locais e entes dependentes con rango superior a 10.000 habitantes) do Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros, da Central de Contratación da FEMP.

O contrato proposto ten un período de duración de 1 ano, desde o 01/01/2026 establecéndose a posibilidade dunha prórroga anual. O orzamento base de licitación é de 107.127,51 €.

O servizo de Contratación, con data 24 de outubro de 2025, elabora o “documento de invitación” previsto na cláusula 21.2 do prego de cláusulas administrativas regulador do Acordo Marco.

Con data 24 de outubro de 2025, o servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación; existe memoria definitiva de data 30 de outubro de 2025.



Visto que con data 28 de outubro de 2025, a Intervención emite documento de retención de crédito para exercicios futuros número 12025000203247 polo importe de 107.127,51 € euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/922.9330.224.01 do orzamento provincial.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 30 de outubro de 2025.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 30 de outubro de 2025.

Considerando que o artigo 227.2 da Lei 9/2017, de contratos del sector público (LCSP) establece que “*as centrais de contratación actuarán (...) celebrando Acordos Marco (..)*”, e no punto 4 establece que “*Nos acordos marco de contratación centralizada poderán celebrarse contratos baseados entre as empresas parte do acordo marco*”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación do *Seguro a todo risco de danos materiais en inmobles da Deputación de Pontevedra*, Contrato baseado no lote 2 (seguro de danos materiais para entidades locais e entes dependentes con rango superior a 10.000 habitantes) do Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros, da Central de Contratación da FEMP.

O Contrato baseado pode subscribirse, en segunda licitación, cunha das empresas adxudicatarias do Lote 2 do Acordo Marco (OCCIDENT GCO, S.A.U. DE SEGUROS Y REASEGUROS, ALLIANZ COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. e CAJA DE SEGUROS REUNIDOS COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS), nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas reguladores do devandito Acordo Marco.

O prazo de duración será de 1 ano, desde o 1 de xaneiro de 2026, establecéndose a posibilidade dunha prórroga cunha duración dun ano.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 107.127,51€.

O valor estimado (incluída a prórroga e a posible modificación do 20%) é de 257.106,02 euros.

2.- Aprobar o documento de nova licitación (CSV: K6RMKBEGX1PKY21G) que rexerá dita contratación.



3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 107.127,51€, con cargo á aplicación orzamentaria 26/922.9330.224.01, que quedará condicionado á aprobación do orzamento do ano 2026 e a existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.

4.- Nomear como responsable do contrato ao Técnico adxunto a xefatura do Servizo de Contratación e Patrimonio, ou persoa na que delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, invitando a presentación de proposicións ás empresas que forman parte do lote 2 do Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros, da Central de Contratación da FEMP.

A data límite de presentación de ofertas será de 5 días hábiles a contar desde o seguinte ao envío do requirimento a través da plataforma da Central de Contratación da FEMP.

4.35745.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDUREMTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO DE OBRADOIROS DE SAÚDE MENTAL DIRIXIDOS AOS 34 CENTROS PÚBLICOS NOS QUE SE IMPARTE E.S.O E BACHARELATO DE CONCELLOS DE RETO DEMOGRÁFICO DA PROVINCIA (RESERVADO A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL, DISPOSICIÓN ADICIONAL 48ª LCSP). (EXPTE.2025058982)

Resultando.- Que segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS), o benestar emocional é un estado de ánimo no cal a persoa é consciente das súas propias aptitudes, mentres que a saúde mental é un estado de benestar no cal cada individuo desenvolve o seu propio potencial, resultando ambos conceptos piares fundamentais do desenvolvemento das persoas. Son diversos estudos e enquisas recentes as que evidencian un crecente aumento dos problemas de saúde mental na poboación en xeral, sendo a mocidade un dos grupos máis preocupados e afectados polo seu benestar emocional.

Resultando.- Que en liña cos principios establecidos na Lei 6/2012, de 19 de xuño, de Xuventude de Galicia en particular nos artigos 11, 34, 35 e 36 de dita norma e tomando como referencia os obxectivos do Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia 2025-2027, a Deputación de Pontevedra elaborou o I Plan Estratéxico de Xuventude da Deputación de Pontevedra.

No referido plan, identificouse como un dos obxectivos prioritarios promover a prevención destas condutas de risco, ofrecendo ferramentas á mocidade, especialmente nas franxas de idade comprendidas entre os 14 e os 18 anos, buscando evitar a estigmatización dos trastornos mentais e reducir a incidencia de problemas psicolóxicos e condutas de risco entre adolescentes, incluíndo as autolesións e a ideación suicida.



Coa posta en marcha desta nova iniciativa búscase potenciar a rede de apoio á adolescencia nunha etapa crucial na súa vida e madurez emocional, a través da interacción grupal e a construción colectiva do coñecemento, recoñecendo que o benestar individual se fortalece a través do apoio social e a interacción con outros actores.

Resultando.- Que a implementación deste programa require unha especialización técnica na atención de persoas que enfrontan problemáticas psicolóxicas e emocionais, mediante enfoques innovadores que permitan fortalecer o potencial dos e das participantes. Polo tanto, implica uns estándares de desenvolvemento técnico-formativo altamente esixentes e complexos, que require unha dedicación intensiva de horas e unha especialización multidisciplinar para abordar as particularidades da saúde mental adolescente.

A Deputación de Pontevedra carece de medios humanos para acometer a execución das prestacións derivadas deste programa ao non dispoñer de ningún departamento especializado con capacidade para prestar servizos de educación e prevención para a comunidade educativa en materia de saúde mental.

Resultando.- Que en base ao exposto, a xefa do servizo de Xuventude e Reto Demográfico, co visto e prace do deputado delegado, mediante providencia de inicio de data 19 de setembro de 2025, inicia os trámites administrativos oportunos para proceder á contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do *“servizo de desenvolvemento de obradoiros de saúde mental dirixidos aos 34 centros públicos nos que se imparte E.S.O e Bacharelato de concellos de Reto Demográfico da provincia de Pontevedra (reservado a entidades de iniciativa social, disposición adicional 48ª LCSP)”*. Xunto coa providencia, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Resultando.- Que tendo en conta que, con data 23 de setembro de 2025, pola xefa do servizo de Xuventude e Reto Demográfico emítese informe complementario á providencia, polo que se corrixe a configuración dun dos lotes nos que se divide o contrato (CSV: L5RCILADDKXJBLE).

Resultando.- Que tendo en conta que, con data 30 de setembro de 2025, pola Intervención emítese os seguintes documentos contables de retención de crédito (RCs):

LOTE	RC	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE (IVE engadido)
1	12025000176811	25/233.2310.227.07	15.017,31€
2	12025000176813		13.765,87€
3	12025000176817		13.765,87€

Resultando.- Que o servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico administrativas particulares e, con data 01 de outubro de 2025, solicita o preceptivo informe á Secretaría Xeral da Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que, con data 07 de outubro de 2025, Secretaría Xeral informa favorablemente o expediente (CSV: R6OWGF04SWUBF4WM).



Resultando.- Que, con data 08 de outubro de 2025, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando.- Que tendo en conta que, con data 24 de outubro de 2025, pola xefa do servizo de Xuventude e Reto Demográfico emítese informe complementario á providencia de inicio, polo que se introducen correccións en relación ao equipo humano mínimo a adscribir á execución do contrato (CSV: 5KVA60H1UK4Z471P).

Resultando.- Que con data 27 de outubro de 2025, o servizo de Contratación aproba a memoria xustificativa definitiva, na que se informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos, reservado a entidades de iniciativa social, en aplicación da Disposición Adicional 48ª LCSP. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto simplificado, por concorrer as circunstancias do artigo 159.1 LCSP.

Asemade, cualifícase como un contrato de servizos que conleva prestacións directas a favor da cidadanía, de acordo co previsto no artigo 312 da LCSP, no que o réxime xurídico regulador das prestacións en favor dos administrados determínase mediante a aprobación das bases reguladoras do *“Programa en Plan Ben: Aulas Saudables”*, mediante RP nº 2025008399, de data 17 de outubro de 2025, corrixidas mediante RP nº2025008584, de data 23 de outubro de 2025.

Resultando.- Que tendo en conta que Intervención, con data 27 de outubro de 2025, informa favorablemente o expediente (CSV: 2A0V6VR1ZEC1TT2J).

Considerando.- Que tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando.- As previsións contidas na Disposición Adicional 48ª da LCSP, pola que se permite reservar a participación en procedementos de licitación relativos a entidades de carácter social, cultural e de saúde, incluídos no anexo IV e baixo os códigos CPV expresamente indicados pola norma, sempre que se cumpran as condicións legais polas entidades participantes, sinaladas na citada disposición.

Considerando.- O disposto no artigo 312 da LCSP, regulador das especialidades dos contratos de servizos que conlevan prestacións directas a favor da cidadanía, polo que se determina, entre outros aspectos, a necesidade de establecer o réxime xurídico regulador do servizo.

Considerando.- Que a tenor do disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Considerando.- Que tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2.a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do “servizo de desenvolvemento de obradoiros de saúde mental dirixidos aos 34 centros públicos nos que se imparte E.S.O e Bacharelato de concellos de Reto Demográfico da provincia de Pontevedra (reservado a entidades de iniciativa social, disposición adicional 48ª LCSP)”, con un orzamento base de licitación máximo de 42.549,05 € (10% IVE engadido), conforme ao seguinte detalle por lotes:

Nº lote	Importe sen IVE	IVE (10%)	Importe total (co IVE)
1	13.652,10 €	1.365,21 €	15.017,31 €
2	12.514,43 €	1.251,44 €	13.765,87 €
3	12.514,43 €	1.251,44 €	13.765,87 €
TOTAL	38.680,95 €	3.868,10 €	42.549,05 €

Os prezos unitarios de licitación aplicables a todos os lotes, formulados por bloques integrantes de cada acción formativa e por centro educativo, son os seguintes:

	Prezo unitario, sen IVE	IVE (10%)	Prezo unitario, IVE engadido
Bloque 1: Diagnóstico	299,24 €	29,92 €	329,17 €
Bloques 2, 3 e 4: Execución das sesións	667,61 €	66,76 €	734,37 €
Bloque 5: Avaliación final	170,82 €	17,08 €	187,91 €

O valor estimado deste contrato é de 116.042,87 €, que desagregado por lotes resulta como segue:

	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3	TOTAL
Orzamento base de licitación sen IVE:	13.652,10 €	12.514,43 €	12.514,43 €	38.680,95 €
(2) Dúas eventuais prórrogas (sen IVE):	27.304,20 €	25.028,86 €	25.028,86 €	77.361,92 €
TOTAL:	40.956,30 €	37.543,29 €	37.543,29 €	116.042,87 €



O prazo estimado de duración do contrato será de nove meses, contados a partir da data de formalización do mesmo, executándose as distintas actividades que o compoñen, de xeito estimado, entre os meses de decembro de 2025 e agosto de 2026, considerando os seguintes prazos de execución:

- 1) Preparación e recollida de datos (Bloque 1: Diagnóstico): O prazo máximo de execución deste bloque será de 2 meses, a contar desde a data de formalización do contrato.
- 2) Execución das sesións (Bloque 2, 3 e 4): O prazo de execución dos bloques dará inicio unha vez realizado o diagnóstico inicial e, como máximo, ata o mes de xuño de 2026 (inclusive).
- 3) Avaliación de resultados (Bloque 5: Avaliación final): A execución do fito dará comezo rematada a execución das sesións e, como máximo, ata o mes de agosto de 2026 (inclusive).

Prevense 2 prórrogas de 1 ano de duración cada unha. No caso de aprobarse, as bases reguladoras do programa para a anualidade correspondente deberán de estar aprobadas con carácter previo.

O programa levarase a cabo de conformidade coas condicións establecidas no prego de prescrición técnicas, así como nas bases reguladoras do programa, non podendo estas contravir o disposto no prego técnico.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: JXZ7WCU8B1L8BJTB) e o prego de prescricións técnicas (CSV: DAQ6ALHW9NCXAQH2), que rexerán na devandita contratación.

3.- Autorizar o gasto por importe total de 42.549,05 € (IVE engadido), con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)		
		Lote 1	Lote 2	Lote 3
2025	25/233.2310.227.07	15.017,31 €	13.765,87 €	13.765,87 €

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

4.- Nomear responsable do contrato á xefatura do servizo de Xuventude e Reto Demográfico ou persoa en quen delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.



5.35746.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A
ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN
PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DO CONTRATO DE SERVIZOS
PUBLICITARIOS CON RADIO PONTEVEDRA, S.A., PARA A
ANUALIDADE 2026 (EXPTE. 2025067486)

A Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Comunicación Institucional, traballa para impulsar e fortalecer a imaxe da institución provincial, coordinando todas as accións comunicativas que contribúan a transmitir unha imaxe coherente, transparente, clara e unificada.

O servizo de Comunicación Institucional encárgase da difusión da actividade da institución provincial a través de múltiples soportes entre os que destacan os medios de comunicación. O obxectivo final é dar a coñecer á cidadanía as principais tarefas que a institución provincial leva a cabo co obxectivo de satisfacer as súas necesidades e achegar a administración ó administrado.

Por Resolución Presidencial de data 09/09/2025, número 2025007362 foi aprobado o Plan de Comunicación 2026 da Deputación de Pontevedra. No apartado referido a medios de comunicación na provincia de Pontevedra cítanse entre outros á emisora Radio Pontevedra como medio apropiado para dar difusión ás diferentes campañas que porá en marcha a institución provincial.

A programación de todas estas campañas de información e publicidade depende directamente do servizo de Comunicación Institucional que non conta cos medios materiais, técnicos e humanos para poder realizar a correcta difusión da programación desenvolvida pola institución provincial na anualidade 2026, polo tanto dase a necesidade de acudir a compra de espazo publicitario nos medios de comunicación.

A xefa do servizo de Comunicación Institucional, co visto e praxe do Presidente provincial, propón, mediante informe de data 10/10/2025, a contratación da prestación de servizos publicitarios con Radio Pontevedra, S.A. para a anualidade 2026, por exclusividade. Achégase por parte da empresa un certificado de dereitos de exclusividade.

O contrato proposto ten un orzamento de licitación de 135.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do 2026, condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

Resultando que pola Intervención emitíuse documento RCFUT nº 12025000194121 por importe de 135.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do 2026, e quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.



Tendo en conta que, con data 28/10/2025, o xefe do servizo de Contratación xustifica na memoria xustificativa que o réxime xurídico do contrato é o administrativo de servizos, así como a elección do procedemento de adxudicación negociado sen publicidade e exclusividade (art. 168 LCSP), e de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico- administrativas.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 22/10/25, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

O secretario xeral, con data 24/10/25 informa favorablemente o expediente *“sempre e cando se teñan en conta as consideracións formuladas no presente informe e relativas ao cumprimento do Plan de Comunicación existindo un reparto equitativo entre os medios”*.

Visto que con data 27/10/2025, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 29/10/2025 coas seguintes observacións e recomendacións:

“Reiterar que sería aconsellable que se utilizase o procedemento aberto neste tipo de contratos de publicidade para garantir unha maior obxectividade e un mellor prezo. Non obstante, como non se requiren os servizos dunha axencia de publicidade ó contar a Deputación con medios propios, resulta difícil a utilización do citado procedemento. Como xa se puxo de manifesto con anterioridade, de optarse pola continuidade no emprego deste tipo de procedemento (negociado sen publicidade e exclusividade), sería convinte dispoñer dun plan de medios máis detallado que delimite medios e contías en base a parámetros obxectivos para garantir un reparto equitativo entre os distintos medios.

Tamén cabe sinalar que, para o pago da correspondente factura que derive deste contrato, terase en conta que non se está incorrendo nos supostos do art. 4 da LPCI, no que prohibe expresamente, entre outros, as campañas institucionais de publicidade e de comunicación que teñan como finalidade destacar os logros de xestión ou os obxectivos alcanzados pola Administración, en caso contrario, suporía unha infracción legal.”

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal califícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade dos servizos publicitarios con Radio Pontevedra, S.A. (CIF A36005346) para a anualidade 2026.

O prazo máximo de duración comprende desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2026, salvo que a súa sinatura sexa posterior ao 1 de xaneiro caso no que se considerará como data de comezo o da súa sinatura.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 135.000,00 euros.

O valor estimado é de 111.570,25 euros.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: H52X6KPLUQSJZBJH) e de prescricións técnicas (CSV: HVYSB5D7B645MT19) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 135.000,00 € a financiar con cargo á aplicación orzamentaria 26/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do ano 2026, quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

4.- Nomear responsable do contrato á xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra.

5.- Iniciar o procedemento para adxudicar o referido contrato, dando traslado deste acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa Radio Pontevedra, S.A. (CIF A36005346), invitándoa a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde a data de envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP).



6.35747.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A
ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN
PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DO CONTRATO DE SERVIZOS
PUBLICITARIOS CON LA VOZ DE GALICIA, S.A., PARA A ANUALIDADE
2026 (EXPTE. 2025068238)

A Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Comunicación Institucional, traballa para impulsar e fortalecer a imaxe da institución provincial, coordinando todas as accións comunicativas que contribúan a transmitir unha imaxe coherente, transparente, clara e unificada.

O servizo de Comunicación Institucional encárgase da difusión da actividade da institución provincial a través de múltiples soportes entre os que destacan os medios de comunicación. O obxectivo final é dar a coñecer á cidadanía as principais tarefas que a institución provincial leva a cabo co obxectivo de satisfacer as súas necesidades e achegar a administración ó administrado.

Por Resolución Presidencial de data 09/09/2025, número 2025007362 foi aprobado o Plan de Comunicación 2026 da Deputación de Pontevedra. No apartado referido a medios de comunicación na provincia de Pontevedra cítanse entre outros ao xornal La Voz de Galicia como medio apropiado para dar difusión ás diferentes campañas que porá en marcha a institución provincial.

A programación de todas estas campañas de información e publicidade depende directamente do servizo de Comunicación Institucional que non conta cos medios materiais, técnicos e humanos para poder realizar a correcta difusión da programación desenvolvida pola institución provincial na anualidade 2026, polo tanto dase a necesidade de acudir a compra de espazo publicitario nos medios de comunicación.

A xefa do servizo de Comunicación Institucional, co visto e praxe do Presidente provincial, propón, mediante informe de data 14/10/2025, a contratación da prestación de servizos publicitarios con La Voz de Galicia, S.A. para a anualidade 2026, por exclusividade. Achégase por parte da empresa un certificado de dereitos de exclusividade.

O contrato proposto ten un orzamento de licitación de 205.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do 2026, condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

Resultando que pola Intervención emitíuse documento RCFUT nº 12025000194590 por importe de 205.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do 2026, e quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

Tendo en conta que, con data 28/10/2025, o xefe do servizo de Contratación xustifica na memoria xustificativa que o réxime xurídico do contrato é o administrativo de servizos, así como a elección do procedemento de adxudicación negociado sen publicidade e exclusividade (art. 168 LCSP), e de acordo co disposto no artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico- administrativas.



Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 23/10/25, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

O secretario xeral, con data 27/10/25 informa favorablemente o expediente *“sempre e cando se teñan en conta as consideracións formuladas no presente informe e relativas ao cumprimento do Plan de Comunicación existindo un reparto equitativo entre os medios”*.

Visto que con data 27/10/2025, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 30/10/2025 coas seguintes observacións e recomendacións:

“Reiterar que sería aconsellable que se utilizase o procedemento aberto neste tipo de contratos de publicidade para garantir unha maior obxectividade e un mellor prezo. Non obstante, como non se requiren os servizos dunha axencia de publicidade ó contar a Deputación con medios propios, resulta difícil a utilización do citado procedemento. Como xa se puxo de manifesto con anterioridade, de optarse pola continuidade no emprego deste tipo de procedemento (negociado sen publicidade e exclusividade), sería convinte dispoñer dun plan de medios máis detallado que delimite medios e contías en base a parámetros obxectivos para garantir un reparto equitativo entre os distintos medios.

Tamén cabe sinalar que, para o pago da correspondente factura que derive deste contrato, terase en conta que non se está incorrendo nos supostos do art. 4 da LPCI, no que prohibe expresamente, entre outros, as campañas institucionais de publicidade e de comunicación que teñan como finalidade destacar os logros de xestión ou os obxectivos alcanzados pola Administración, en caso contrario, suporía unha infracción legal”.

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das



facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobación do expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade dos servizos publicitarios con La Voz de Galicia, S.A. (CIF A15000649) para a anualidade 2026.

O prazo máximo de duración comprende desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2026, salvo que a súa sinatura sexa posterior ao 1 de xaneiro caso no que se considerará como data de comezo o da súa sinatura.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 205.000,00 euros.

O valor estimado é de 169.421,49 euros.

2.-Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: MAFMHF4ESAFFWOKR) e de prescricións técnicas (CSV: SF7MQ9OBDDFADLOY) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 205.000,00 € a financiar con cargo á aplicación orzamentaria 26/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do ano 2026, quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

4.- Nomear responsable do contrato á xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra.

5.- Iniciar o procedemento para adxudicar o referido contrato, dando traslado deste acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa La Voz de Galicia, S.A. (CIF A15000649), invitándoa a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde a data de envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP).

7.35748.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO “DESENVOLVEMENTO E VISIBILIZACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS POLO II PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE” DO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO. (EXPTE. 2024072978)

O Concello de Mondariz Balneario solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “Desenvolvemento e visibilización das medidas propostas polo II Plan Municipal de Igualdade”, ao abeiro das Bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2025 (BOPPO nº 17 de 27 de xaneiro de 2025).

A Xunta de Goberno, na súa sesión do 10 de xullo de 2025, acordou concederlle á dito concello, unha axuda económica por importe de 6.000,00 €, para o desenvolvemento de dito proxecto.



Este concello, con data de 19 de setembro de 2025 no Rexistro electrónico desta Deputación Provincial un escrito con nº WEB2025065760. Neste escrito solicitan a modificación do proxecto presentado inicialmente, comunicando a participación de homes na actividade Teatro Comunitario pola igualdade e contra a violencia de xénero, se ben continua sendo prioritaria a participación das mulleres.

Entre os obxectivos xerais do proxecto “Desenvolvemento e visibilización das medidas propostas polo II Plan Municipal de Igualdade” está previr e abordar a eliminación da violencia de xénero en tódalas súas modalidades e manifestacións e todo tipo de discriminacións. Especificamente, dentro da actividade Teatro comunitario pola igualdade e contra a violencia de xénero establécense obxectivos, que ao igual que no caso do obxectivo xeral do proxecto non se alteran coa solicitude modificación proposta.

Nesta modificación solicitada polo concello indícase que se levara a cabo a actividade “Teatro comunitario pola igualdade e contra a violencia de xénero” non só con mulleres, como estaba inicialmente previsto, senón tamén con homes xa que o Concello quere que sexa un espazo diverso de aprendizaxe en valores que favorezan a igualdade expoñan os machismos, micromachismos.

Segundo o establecido na base décimo quinta das bases reguladoras da convocatoria, manteranse as condicións da subvención concedida, o importe da subvención e o orzamento subvencionado.

Segundo se establece no artigo 18 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e na base décimo sexta da convocatoria destas subvencións a entidade beneficiaria pode solicitar unha modificación do contido da resolución dentro do prazo de un mes dende a resolución, ou con carácter inmediato á aparición das circunstancias que levan consigo a necesidade de modificación se non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude presentada e, a entidade mantén a finalidade da subvención e non dana dereitos de terceiros.

Existindo informe da xefa do Servizo de Igualdade, de data 15 de outubro de 2025 (CSV: CTNFMP89634NCHOC), no que considera xustificada a modificación solicitada. Vistos o informe favorable de Intervención, con data 27 de outubro de 2025 (CSV: N5NNB8SEBPWFC4I4).

Con data 10/10/2024 réunese a Comisión de Valoración (CSV TCRCZF7TIOVKCXBHJ) e autoriza a solicitude de modificación do proxecto xa que séguese mantendo a finalidade da subvención, non se dana dereitos de terceiros e non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude presentada.

Considerando que é a Xunta de Goberno, o órgano competente para a aprobación desta modificación segundo o estipulado na base décimo quinta das bases reguladoras desta convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o ano 2025.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobación da modificación do proxecto “Desenvolvemento e visibilización das medidas propostas polo II Plan Municipal de Igualdade”, presentado polo Concello de Mondariz Balneario (NIF: P3603100C), ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2025.
2. Manter as condicións da subvención concedida, o importe da subvención e orzamento subvencionado.



8.35749.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (EXPTES. 2025070235 E 2025071075)

a) Vista a relación de operacións con número 2025070235 (CSV: 0TNZ09Z0SYB6CZGZ), que contén 2 operacións por un importe de 51.913,97 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	51.913,97 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	51.913,97 €

b) Vista a relación de operacións con número 2025071075 (CSV: 0W65CHTE8SP1NEYZ), que contén 3 operacións por un importe de 16.916,95€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	16.916,95€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	16.916,95€

9.35750.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES. (EXPTE. 2025070493)

Vista a relación de operacións con número 2025070493 (CSV: 0NQDHAJEQPEUW0HQ), que contén 4 operacións por un importe de 65.016,59euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	65.016,59€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	65.016,59€



10.35751.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES ÁS ESCOLAS DE MÚSICA
DEPENDENTES DE ASOCIACIONES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O
ANO 2025 (EXPTE 2025004265)

Primeiro. A Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 04 de xullo de 2025 aprobou as bases reguladoras para a concesión de axudas a Escolas de Música dependentes de Asociacións sen ánimo de lucro para o ano 2025.

Segundo. Con data 9 de xullo de 2025 procédese á publicación das referidas bases no BOPPO núm. 130 de 9 de xullo de 2025, establecendo nas mesmas que o prazo de presentación de solicitudes rematou o 30 de setembro de 2025.

Terceiro. Trala reunión da Comisión de Valoración nomeada ao efecto con data 16/10/2025, a xefatura do Servizo de Cultura, na mesma data, emite informe proposta respecto das solicitudes presentadas. Consta no expediente a relación de persoas beneficiarias así como aquelas que deben ser desestimadas polos motivos que se indican.

Cuarto. Con data 23/10/2025 desde Intervención emiten informe de fiscalización favorable que figura no expediente co CSV: 1PNP7VYH1EI2SMNN.

Fundamentos:

Primeiro. Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; artigo 232 no caso de tratarse de Asociacións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2023.



Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o art. 22.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como o art. 19 da Lei de subvencións de Galicia sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- O artigo 48.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, establece que poderán cursarse estudos de música ou de danza que non conduzan á obtención de títulos con validez académica ou profesional en escolas específicas, con organización e estrutura diferentes e sen limitación de idade.

Pola súa banda, a Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 11 de marzo de 1993, regula as condicións de creación e funcionamento das escolas de música da Comunidade Autónoma de Galicia, salientando a especial responsabilidade das corporacións locais nesta materia e no seu punto 12 clasifica as escolas de música como públicas ou privadas, segundo o seu titular sexa un organismo de carácter público, ou unha persoa física ou xurídica de carácter privado.

Cuarto.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e o artigo 118 d) a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Quinto.- En canto á competencia para a aprobación das presentes axudas, de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a concesión de subvencións a 29 escolas de música dependentes de asociacións sen ánimo de lucro para os gastos de funcionamento, para o ano 2025, por un importe total de 120.000,00 € con cargo á aplicación 25/330.3260.489.09 e que figuran na relación que se achega co CSV: RVTM1DJZ86KTY6Q4 e que se relacionan a continuación:



Denominación: **ESCOLAS DE MÚSICA DEPENDENTES DE ASOCIACIÓN S EN ÁNIMO DE LUCRO**

Referencia: **CU_D/25**

Relación: **RELAC/202500070 DE DATA 21/10/2025**

Importe relación: **120.000,00 €**

Importe concedido: **120.000,00 €**

Expedientes relación: **29**

Finanzamento:

Aplicación	Descripción	Importe				
25/330.3260.489.09	A FAMILIAS E INST. SEN FINS LUCRO, ESCOLAS MÚSICA	120.000,00 €				
CIF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO		ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO	PUNTOS	CONCESIÓN
CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA)						
(1)	G36217545 ASOC AMIGOS BANDA DE MUSICA DE AGOLADA 2025065201 - Gastos de funcionamento da escola de música	30.609,57 €	6.709,57 €	3.593,15 €	70,00	11,74 % Concurrencia competitiva
TOTAL AGOLADA (1)				3.593,15 €		
CONCELLO DE BARRO (PONTEVEDRA)						
(2)	G36183804 ASOC CULTURA E XUVENTUDE DE BARRO 2025058945 - Gastos de funcionamento da escola de música	29.621,20 €	2.658,03 €	2.658,03 €	55,00	8,97 % Concurrencia competitiva
TOTAL BARRO (1)				2.658,03 €		
CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO (PONTEVEDRA)						
(3)	G36176352 UNION CULTURAL DE CAMPO LAMEIRO 2025065194 - Gastos de funcionamento da escola de música	11.551,34 €	4.902,34 €	2.566,53 €	50,00	22,22 % Concurrencia competitiva
TOTAL CAMPO LAMEIRO (1)				2.566,53 €		
CONCELLO DE CANGAS (PONTEVEDRA)						
(4)	G36592582 ASOC XUVENIL CULTURAL STACCATO 2025050858 - Gasto de funcionamento da escola de música	20.100,00 €	6.000,00 €	3.079,84 €	60,00	15,32 % Concurrencia competitiva
TOTAL CANGAS (1)				3.079,84 €		
CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE (PONTEVEDRA)						
(5)	G36352649 BANDA DE MUSICA UNION MUSICAL DE TENORIO 2025064918 - Gastos de funcionamento da escola de música	28.533,70 €	21.353,90 €	3.336,50 €	65,00	11,69 % Concurrencia competitiva
TOTAL CERDEDO - COTOBADE (1)				3.336,50 €		
CONCELLO DE GONDOMAR (PONTEVEDRA)						
(6)	G36622629 AGRUPACION MUSICAL DE VINCIOS 2025058499 - Gastos de funcionamento da escola de música	86.040,65 €	5.000,00 €	4.363,11 €	85,00	5,07 % Concurrencia competitiva
TOTAL GONDOMAR (1)				4.363,11 €		
CONCELLO DE LALÍN (PONTEVEDRA)						
(7)	G36029965 ASOCIACION CULTURAL BANDA DE MUSICA DE VILATUXE	61.185,55 €	24.439,80 €	4.209,12 €	82,00	6,88 % Concurrencia competitiva
(8)	G36041515 BANDA DE MUSICA DE LALÍN 2025055382 - Gasto de funcionamento da escola de música	62.502,08 €	20.000,00 €	4.106,46 €	80,00	6,57 % Concurrencia competitiva
TOTAL LALÍN (2)				8.315,58 €		
CONCELLO DE MOS (PONTEVEDRA)						
(9)	G36028827 ASOCIACION DO CENTRO RECREATIVO E CULTURAL DE TORROSO MOS 2025059558 - Gastos de funcionamento da escola de música	282.833,07 €	119.733,07 €	5.133,07 €	100,00	1,81 % Concurrencia competitiva
CONCELLO DE NEVES, AS (PONTEVEDRA)						
(10)	G36109270 BANDA DE MUSICA DE RUBIOS-LAS NIEVES- 2025057835 - Gastos de funcionamento da escola de música	67.859,00 €	5.000,00 €	3.490,49 €	68,00	5,14 % Concurrencia competitiva
TOTAL NEVES, AS (1)				3.490,49 €		
CONCELLO DE PONTEAREAS (PONTEVEDRA)						
(11)	G36034148 ASOCIACION BANDA XUVENIL DE XINZO 2025063657 - Gastos de funcionamento da escola de música	52.973,73 €	29.473,73 €	4.722,42 €	92,00	8,91 % Concurrencia competitiva
(12)	G36104768 ASOCIACION CULTURAL BANDA DE MUSICA UNION DE GULANS 2025063642 - Gastos de funcionamento da escola de música	59.573,42 €	28.953,42 €	4.003,79 €	78,00	6,72 % Concurrencia competitiva
TOTAL PONTEAREAS (2)				8.726,21 €		
CONCELLO DE PONTEVEDRA (PONTEVEDRA)						
(13)	G36060796 ASOCIACIÓN MUSICO CULTURAL SAN MARTÍÑO SALCEDO 2025055405 - Gastos de funcionamento da escola de música	52.962,22 €	8.000,00 €	4.465,77 €	87,00	8,43 % Concurrencia competitiva
TOTAL PONTEVEDRA (1)				4.465,77 €		
CONCELLO DE REDONDELA (PONTEVEDRA)						
(14)	G36163863 ASOCIACION CULTURAL E SOCIAL DE CHAPELA 2025065185 - Gastos de funcionamento da escola de música	124.626,96 €	8.569,59 €	5.133,07 €	100,00	4,12 % Concurrencia competitiva
TOTAL REDONDELA (1)				5.133,07 €		



CONCELLO DE ROSAL, O (PONTEVEDRA)						
(15)	G36027928	ASOCIACION AGRUPACION MUSICAL DO ROSAL	146.103,50 €	12.000,00 €	5.133,04 €	100,00 3,51 % Concurrencia competitiva
2025065550 - Gastos de funcionamento da escola de música						
TOTAL ROSAL, O (1)					5.133,04 €	
CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS (PONTEVEDRA)						
(16)	G36123313	ASOCIACION AMIGOS DE LA MUSICA-SALCEDA DE CASELAS	72.108,30 €	9.000,00 €	4.876,42 €	95,00 6,76 % Concurrencia competitiva
2025065586 - Gastos de funcionamento da escola de música						
TOTAL SALCEDA DE CASELAS (1)					4.876,42 €	
CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO (PONTEVEDRA)						
(17)	G36531036	ASOC UNION MUSICAL DE SALVATERRA	138.770,25 €	10.000,00 €	5.133,07 €	100,00 3,70 % Concurrencia competitiva
2025063326 - Gasto de funcionamento da escola de música						
TOTAL SALVATERRA DE MIÑO (1)					5.133,07 €	
CONCELLO DE SOUTOMAIOR (PONTEVEDRA)						
(18)	G36033850	ASOCIACION MUSICAL ARTISTICA DE ARCADE	33.714,01 €	6.000,00 €	3.336,50 €	65,00 9,90 % Concurrencia competitiva
2025063658 - Gastos de funcionamento da escola de música						
TOTAL SOUTOMAIOR (1)					3.336,50 €	
CONCELLO DE TOMIÑO (PONTEVEDRA)						
(19)	G36259588	ASOCIACION SOCIOCULTURAL DE GOIAN	85.248,11 €	5.500,00 €	4.465,77 €	87,00 5,24 % Concurrencia competitiva
2025063654 - Gastos de funcionamento da escola de música						
TOTAL TOMIÑO (1)					4.465,77 €	
CONCELLO DE TUI (PONTEVEDRA)						
(20)	G36153344	ASOCIACION BANDA DE MUSICA POPULAR DE TUI	28.070,22 €	4.650,00 €	2.720,53 €	53,00 9,69 % Concurrencia competitiva
2025054091 - Gasto de funcionamento da escola de música						
TOTAL TUI (1)					2.720,53 €	
CONCELLO DE VIGO (PONTEVEDRA)						
(21)	G36638419	AGRUPACION MUSICAL LIRA DE SAN MIGUEL DE OIA DE VIGO	47.532,18 €	20.845,18 €	4.106,46 €	80,00 8,64 % Concurrencia competitiva
2025066673 - Gastos de funcionamento da escola de música						
(22)	G36639110	ASOCIACION BANDA DE MUSICA UNION MUSICAL DE VALLADARES	97.511,69 €	15.000,00 €	4.876,42 €	95,00 5,00 % Concurrencia competitiva
2025064423 - Gasto de funcionamento da escola de música						
(23)	G36640860	ASOC VECIÑAL VAL DO FRAGOSO CONSUMIDORES E USUARIOS CENTRO SOCIAL CULTURAL DEPORTIVO E RECREATIVO	41.921,92 €	5.000,00 €	3.490,49 €	68,00 8,33 % Concurrencia competitiva
2025063949 - Gastos de funcionamento da escola de música						
(24)	G36784197	ATENEU MUSICAL DE BEMBRIVE	95.245,47 €	7.500,00 €	4.876,42 €	95,00 5,12 % Concurrencia competitiva
2025060797 - Gasto de funcionamento da escola de música						
(25)	G36647055	BANDA ESCOLA DE MÚSICA DE BEADE	43.338,00 €	6.000,00 €	4.209,12 €	82,00 9,71 % Concurrencia competitiva
2025057094 - Gastos de funcionamento da escola de música						
(26)	G36620854	SOCIEDAD CULTURAL Y DEPORTIVA ATLANTIDA	42.653,92 €	36.114,46 €	4.363,11 €	85,00 10,23 % Concurrencia competitiva
2025053836 - Gasto de funcionamento da escola de música						
(27)	G36634137	UNION MUSICAL DE CORUXO	65.723,74 €	65.257,50 €	4.209,12 €	82,00 6,40 % Concurrencia competitiva
2025064686 - Gasto de funcionamento da escola de música						
TOTAL VIGO (7)					30.131,14 €	
CONCELLO DE VILABOA (PONTEVEDRA)						
(28)	G94124864	ASOC CULTURAL E MUSICAL ESCOLA DE MUSICA DE VILABOA	70.142,36 €	7.000,00 €	4.619,76 €	90,00 6,59 % Concurrencia competitiva
2025064343 - Gastos de funcionamento da escola de música						
TOTAL VILABOA (1)					4.619,76 €	
CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA (PONTEVEDRA)						
(29)	G36536373	ASOC PRO-ESCOLA DE MUSICA CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA	54.337,91 €	5.200,00 €	4.722,42 €	92,00 8,69 % Concurrencia competitiva
2025064923 - Gastos de funcionamento da escola de música						
TOTAL VILANOVA DE AROUSA (1)					4.722,42 €	

Segundo.- Excluir as solicitudes de:

- Unión Veciñal Cultura e Deportiva de Candeán con NIF: G-36.863.348 (Expediente 2025060495) por desistencia da solicitude.
- Asociación Cultural Escola de Música de Poio con NIF: G-16.767.352 (Expediente 2025065620) por non contestar a un requirimento en prazo.
- Asociación Pro-Escola de Música de Ribadumia con NIF: G-16.767.352 (Expediente 2025065623) por non contestar a un requirimento en prazo.



11.35752.- DAR CONTA DA ACTA DA COMISIÓN TÉCNICA CONSTITUÍDA PARA VALORAR OS PROXECTOS QUE OPTARON Á CONVOCATORIA PARA A REALIZACIÓN DE CONTRATOS DE PATROCINIOS CON ENTIDADES PRIVADAS NO ÁMBITO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “RÍAS BAIXAS ACCIÓN”, ANO 2025. (EXTE 2025029557)

Dada conta da acta da Comisión Técnica constituída para valorar os proxectos que optaron á convocatoria para a realización de contratos de patrocinios con entidades privadas no ámbito de producións audiovisuais na provincia de Pontevedra “Rías Baixas Acción”, ano 2025, na reunión celebrada o 29 de outubro de 2025, a Xunta de Goberno queda enterada da mesma que ten o seguinte teor literal:

“ACTA DA COMISIÓN TÉCNICA CONSTITUÍDA PARA VALORAR OS PROXECTOS QUE OPTARON Á CONVOCATORIA PARA A REALIZACIÓN DE CONTRATOS DE PATROCINIOS CON ENTIDADES PRIVADAS NO ÁMBITO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “RÍAS BAIXAS ACCIÓN”, ANO 2025

No Pazo provincial, no despacho do xefe do Servizo de Cultura, sendo as 11:00 horas do día 29 de outubro de 2025, reúnese a Comisión Técnica constituída para valorar os proxectos que optaron á convocatoria para a realización de contratos de patrocinios con entidades privadas no ámbito de producións audiovisuais na provincia de Pontevedra “Rías Baixas Acción”, ano 2025, asistindo todos os compoñentes e que de seguido se relacionan:

Presidente:

Antonio Santos Guerra, xefe do Servizo de Cultura

Vogais:

Miguel Mariño Lamas, director da Academia Galega do Audiovisual

Aldara Rodríguez Pagán, en representación da Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI)

Ángel Manzano Garrido, guionista, vicepresidente da AGAG e presidente de FAGA

Jéssica Castiñeira Pérez, técnica do Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra

Actúa como secretaria, dando fe do acto que ten lugar, sen voto, M.ª Carmen Baloira Duro, xefa da Sección de Xestión Cultural do Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra.

Aberto o acto, procédese ó exame das diversas peticións recibidas para solicitar o patrocinio, por parte da Deputación de Pontevedra, de proxectos audiovisuais desenvolvidos por entidades privadas que difundan a imaxe de Pontevedra e que, pola súa importancia, relevancia e repercusión, supoñan unha vía para darlle publicidade á nosa provincia e apoiar o auxe do audiovisual galego rodado nela, adoptándose por unanimidade o seguinte acordo:

- 1. As bases desta convocatoria aprobounas a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 30 de maio de 2025 (BOPPO núm. 106 de 05/06/2025), é tal como se establece na base décimo cuarta, a Comisión Técnica encargouse de revisar a documentación achegada con cada proxecto e de levar a cabo a valoración individual de cada un deles segundo os criterios obxectivos que figuran na citada base, sendo a puntuación máxima para cada proxecto de 100 puntos.*



2. Esta convocatoria ofrece a posibilidade de asinar contratos privados de patrocinio con entidades privadas no ámbito de producións audiovisuais para a realización de proxectos audiovisuais ou obras de animación en galego que melloren a visibilidade e a notoriedade da provincia de Pontevedra e que reúnan os requisitos previstos na base quinta, para o que se establecen dúas liñas de actuación para os proxectos obxecto de patrocinio:

Liña 1: Para as seguintes modalidades de proxectos audiovisuais ou obras de animación:

- Longametraxes (duración mínima de 60 minutos)
- Curtametraxes
- Series que teñan unha duración mínima de 300 minutos

Liña 2: Para documentais:

- Documentais de longa duración (máis de 40 minutos de duración)
- Curtas documentais
- Podcasts documentais que teñan unha duración mínima de 150 minutos

3. O obxectivo principal desta regulación é promover a industria audiovisual galega, ao crear valor engadido nos seus proxectos a través da adopción das medidas necesarias para posicionalos como un produto cultural capaz de atraer visitantes, proxectar a provincia de Pontevedra como destino, poñer en valor as industrias audiovisuais e creativas e visibilizar boas prácticas que sirvan como referencia para o sector.

4. As propostas que se presenten deben reunir os seguintes requisitos:

- A rodaxe deberá realizarse en lingua galega, sen prexuízo de que tamén poida dobrarse ou subtitularse noutras linguas. De forma excepcional, a Comisión técnica de valoración poderá incluír como proxectos obxecto de patrocinio aqueles film rodados en lingua española que teñan un forte impacto e repercusión provincial (social, cultural ou turística).
- As producións deben contar cunha porcentaxe de rodaxe en escenarios da provincia de Pontevedra de, como mínimo, un 50 %. No caso da liña 2 deberán ser proxectos gravados na provincia de Pontevedra ou de temática relacionada coa provincia de Pontevedra.
- Os espazos nos que se desenvolva a rodaxe deben ser recoñecibles como parte do patrimonio material, inmaterial, natural, social ou histórico da provincia de Pontevedra.
No caso de proxectos de animación, onde non existe necesariamente unha rodaxe física no territorio, deberán contar igualmente con referencias xeográficas ou simbólicas da provincia.
- Os proxectos que opten a esta convocatoria poden estar iniciados no ano 2024, estar en fase de rodaxe e que a produción audiovisual remate no ano da convocatoria ou, en todo caso, antes do 30 de setembro do ano seguinte.

5. A cantidade a repartir entre as solicitudes que se reciben no Rexistro xeral é de 170.000,00 €, que se imputarán con cargo á aplicación 25/330.3340.226.09 do Orzamento da Deputación para o ano 2025 ata esgotar o devandito crédito, en dúas liñas de actuación:

- Liña 1 100.000,00 €
- Liña 2 70.000,00 €

Co fin de optimizar os recursos existentes e para poder realizar unha asignación máis equitativa, establécense uns importes máximos do prezo do patrocinio por entidade, que serán:

Liña 1:

- Vinte e cinco mil (25.000,00) euros (IVE incluído), para o apoio á produción de longametraxes (duración mínima de 60 minutos)
- Tres mil cincocentos (3.500,00) euros (IVE incluído), para o apoio á produción de curtametraxes
- Quince mil (15.000,00) euros (IVE incluído), para o apoio á produción de series



Liña 2:

- *Sete mil (7.000,00) euros (IVE incluído), para o apoio a produción de documentais de longa duración (duración de máis de 40 minutos)*
- *Tres mil (3.000,00) euros (IVE incluído), para o apoio á produción de curtas documentais (ata 40 minutos de duración)*
- *Tres mil (3.000,00) euros (IVE incluído), para o apoio á produción de podcast documental*

O patrocinio máximo por entidade beneficiaria en ningún caso poderá exceder o 50 % do orzamento total do proxecto (incluídos os impostos).

6. *Recibíronse un total de 9 proxectos na liña 1 e 10 proxectos na liña 2. A comisión técnica leva a cabo a valoración individual, na que se teñen en conta os datos que figuran no expediente e o retorno publicitario de cada produción audiovisual, en función do prestixio, a traxectoria e o historial de premios da dirección, da produtora e do elenco de actrices e actores e conforme ó establecido na condición décimo cuarta, atribuíndo ata un máximo de 100 puntos, segundo a valoración técnica obtida dos seguintes criterios obxectivos:*

No caso de longametraxes, curtametraxes e series:

- *Rodaxe íntegra en escenarios da provincia de Pontevedra: 30 puntos.*
- *Retorno nos medios de comunicación, no turismo e no desenvolvemento económico, así como na imaxe; valorarase o impacto sobre a institución, a provincia e a marca “Pontevedra”, así como a percepción por parte do público desta imaxe: ata 20 puntos*
- *Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da directora ou director: ata 10 puntos*
- *Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da produtora audiovisual: ata 10 puntos*
- *Prestixio, traxectoria e historial de premios do elenco de actores e actrices: ata 10 puntos*
- *Promoción da igualdade e con análise da existencia de paridade de xénero no equipo técnico e no elenco actoral: ata 10 puntos*
- *Fomento de valores sociais no carácter da produción e do seu guión: igualdade, inclusión, sostibilidade etc.: ata 10 puntos*

No caso de proxectos de animación:

- *Representación de escenarios da provincia de Pontevedra: ata 30 puntos.*
- *Retorno nos medios de comunicación, no turismo e no desenvolvemento económico, así como na imaxe; valorarase o impacto sobre a institución, a provincia e a marca “Pontevedra”, así como a percepción por parte do público desta imaxe: ata 30 puntos*
- *Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da directora ou director: ata 10 puntos*
- *Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da produtora audiovisual: ata 10 puntos*
- *Promoción da igualdade e con análise da existencia de paridade de xénero no equipo técnico: ata 10 puntos*
- *Fomento de valores sociais no carácter da produción e do seu guión: igualdade, inclusión, sostibilidade etc.: ata 10 puntos*

No caso dos documentais e podcasts:

- *Contido e rigor informativo: veracidade da información, investigación, fontes fiables e diversas, profundidade de análise, calidade narrativa e estrutura, orixinalidade e enfoque; ata 30 puntos*
- *Calidade técnica: imaxe, son e montaxe, ata 30 puntos*
- *Gravación na provincia de Pontevedra ou de temática relacionada coa provincia de Pontevedra; ata 10 puntos*
- *Retorno nos medios de comunicación, no turismo e no desenvolvemento económico, así como na imaxe; valorarase o impacto sobre a institución, a provincia e a marca “Pontevedra”, así como a percepción por parte do público desta imaxe; ata 10 puntos.*



- *Elenco autoral vinculado profesionalmente coa provincia de Pontevedra; ata 10 puntos*
 - *Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da produtora audiovisual; ata 10 puntos*
7. *De acordo co establecido na base décimo quinta, unha vez finalizada a revisión da documentación administrativa e do cumprimento dos requisitos esixidos na base quinta, a comisión emitirá un informe favorable para propoñer a realización dun contrato de patrocinio condicionado á compatibilidade cos valores e coa imaxe institucional do programa e á difusión de ámbito supraprovincial, o que inclúe actuacións promocionais e de difusión ou presentación do filme.*
- O limiar mínimo para acceder ao patrocinio será do 50% da puntuación no conxunto dos criterios cualitativos obxecto de valoración.*
- O informe-proposta favorable para a adxudicación do contrato de patrocinio deberá conter o importe do patrocinio proposto pola comisión, que se establecerá en función da puntuación obtida, segundo os criterios de valoración previstos na base décimo cuarta:*
- Para longametraxes:*
- De 50 a 58 puntos: patrocinio máximo de 10.000,00€*
 - De 59 a 66 puntos: patrocinio máximo de 12.000,00 €*
 - De 67 a 74 puntos: patrocinio máximo de 15.000,00 €*
 - De 75 a 82 puntos: patrocinio máximo de 20.000,00 €*
 - De 83 a 100 puntos: patrocinio máximo de 25.000,00 €*
- Para curtametraxes:*
- De 50 a 60 puntos: patrocinio máximo de 2.000,00 €*
 - De 61 a 70 puntos: patrocinio máximo de 2.500,00 €*
 - De 71 a 80 puntos: patrocinio máximo de 3.000,00 €*
 - De 81 a 100 puntos: patrocinio máximo de 3.500,00 €*
- Para series:*
- De 50 a 58 puntos: patrocinio máximo de 6.000,00€*
 - De 59 a 66 puntos: patrocinio máximo de 8.000,00 €*
 - De 67 a 74 puntos: patrocinio máximo de 10.000,00 €*
 - De 75 a 82 puntos: patrocinio máximo de 12.000,00 €*
 - De 83 a 90 puntos: patrocinio máximo de 15.000,00 €*
- Para documentais de longa duración:*
- De 50 a 58 puntos: patrocinio máximo de 2.500,00€*
 - De 59 a 66 puntos: patrocinio máximo de 3.000,00 €*
 - De 67 a 74 puntos: patrocinio máximo de 4.000,00 €*
 - De 75 a 82 puntos: patrocinio máximo de 5.000,00 €*
 - De 83 a 100 puntos: patrocinio máximo de 7.000,00 €*
- Para curtas documentais:*
- De 50 a 60 puntos: patrocinio máximo de 1.500,00 €*
 - De 61 a 70 puntos: patrocinio máximo de 2.000,00 €*
 - De 71 a 80 puntos: patrocinio máximo de 2.500,00 €*
 - De 81 a 100 puntos: patrocinio máximo de 3.000,00 €*



Para podcast documentais:

De 50 a 60 puntos: patrocinio máximo de 1.500,00 €

De 61 a 70 puntos: patrocinio máximo de 2.000,00 €

De 71 a 80 puntos: patrocinio máximo de 2.500,00 €

De 81 a 100 puntos: patrocinio máximo de 3.000,00 €

O devandito importe máximo modularase conforme á valoración que realice a comisión técnica segundo os datos que figuran no expediente e a valoración do retorno publicitario de cada produción audiovisual, tendo en conta o prestixio, a traxectoria e o historial de premios da dirección, da produtora e do elenco de actrices e actores, segundo o previsto na base décimo cuarta das condicións xerais.

8. Tendo en conta o anteriormente exposto, a Comisión Técnica procede á valoración dos proxectos que optaron a esta convocatoria nas dúas liñas de actuación, empezando pola liña 1 e o resultado é o seguinte:

LIÑA 1

PRODUCTORA	CRISTELA TORRES NINE		
PROXECTO	“Avisa cando chegues” (Curtametraxe)		
IMPORTE	23.500,00 €	SOLICITADO	3.500,00 €
TOTAL PUNTOS	100	PROPOSTA	3.500,00 €

CRITERIOS DE VALORACIÓN (ata 90 puntos)

Rodaxe íntegra en escenarios da provincia de Pontevedra	30
Retorno en medios de comunicación, no turismo e no desenvolvemento económico, así como na imaxe	20
Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da directora ou director	10
Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da produtora audiovisual	10
Prestixio, traxectoria e historial de premios do elenco de actrices e actores	10
Promoción da igualdade, con análise da existencia de paridade de xénero	10
Fomento de valores sociais no carácter da produción e do seu guión	10
PUNTOS TOTAIS.....	100

PRODUCTORA	GAITAFILMES, SL		
PROXECTO	“Señora Azul” (Curtametraxe)		
IMPORTE	109.000,00	SOLICITADO	3.500,00 €
TOTAL PUNTOS	84	PROPOSTA	3.500,00 €



CRITERIOS DE VALORACIÓN (ata 90 puntos)

<i>Rodaxe íntegra en escenarios da provincia de Pontevedra</i>	25
<i>Retorno en medios de comunicación, no turismo e no desenvolvemento económico, así como na imaxe</i>	17
<i>Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da directora ou director</i>	9
<i>Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da produtora audiovisual</i>	7
<i>Prestixio, traxectoria e historial de premios do elenco de actrices e actores</i>	8
<i>Promoción da igualdade, con análise da existencia de paridade de xénero</i>	9
<i>Fomento de valores sociais no carácter da produción e do seu guión</i>	9
PUNTOS TOTAIS.....	84

PRODUCTORA	SÉTIMA SOCIEDADE COOP GALEGA		
PROXECTO	“A morte nos teus ollos” (Longametraxe)		
IMPORTE	2.019.166,00 €	SOLICITADO	25.000,00 €
TOTAL PUNTOS	92	PROPOSTA	25.000,00 €

CRITERIOS DE VALORACIÓN (ata 90 puntos)

<i>Rodaxe íntegra en escenarios da provincia de Pontevedra</i>	30
<i>Retorno en medios de comunicación, no turismo e no desenvolvemento económico, así como na imaxe</i>	20
<i>Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da directora ou director</i>	10
<i>Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da produtora audiovisual</i>	10
<i>Prestixio, traxectoria e historial de premios do elenco de actrices e actores</i>	8
<i>Promoción da igualdade, con análise da existencia de paridade de xénero</i>	6
<i>Fomento de valores sociais no carácter da produción e do seu guión</i>	8
PUNTOS TOTAIS.....	92

PRODUCTORA	ME HAS ROBADO EL CORAZÓN, AIE		
PROXECTO	“Me has robado el corazón” (Longametraxe)		
IMPORTE	3.488.292,00 €	SOLICITADO	25.000,00 €
TOTAL PUNTOS	66	PROPOSTA	12.000,00 €



CRITERIOS DE VALORACIÓN (ata 90 puntos)

<i>Rodaxe íntegra en escenarios da provincia de Pontevedra</i>	10
<i>Retorno en medios de comunicación, no turismo e no desenvolvemento económico, así como na imaxe</i>	20
<i>Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da directora ou director</i>	10
<i>Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da produtora audiovisual</i>	10
<i>Prestixio, traxectoria e historial de premios do elenco de actrices e actores</i>	10
<i>Promoción da igualdade, con análise da existencia de paridade de xénero</i>	6
<i>Fomento de valores sociais no carácter da produción e do seu guión</i>	5
PUNTOS TOTAIS.....	66

PRODUCTORA	MATRIUSKA PRODUCCIONES S.L.		
PROXECTO	"o pesadelo das vacas" (Longametraxe)		
IMPORTE	1.090.884,45	SOLICITADO	25.000,00 €
TOTAL PUNTOS	96	PROPOSTA	25.000,00 €

CRITERIOS DE VALORACIÓN (ata 90 puntos)

<i>Rodaxe íntegra en escenarios da provincia de Pontevedra</i>	30
<i>Retorno en medios de comunicación, no turismo e no desenvolvemento económico, así como na imaxe</i>	20
<i>Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da directora ou director</i>	10
<i>Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da produtora audiovisual</i>	10
<i>Prestixio, traxectoria e historial de premios do elenco de actrices e actores</i>	10
<i>Promoción da igualdade, con análise da existencia de paridade de xénero</i>	8
<i>Fomento de valores sociais no carácter da produción e do seu guión</i>	8
PUNTOS TOTAIS.....	96

PRODUCTORA	ANNA KULYK		
PROXECTO	"Os salmos" (Longametraxe)		
IMPORTE	100.000,00	SOLICITADO	25.000,00 €
TOTAL PUNTOS	83	PROPOSTA	25.000,00 €



CRITERIOS DE VALORACIÓN (ata 90 puntos)

Rodaxe íntegra en escenarios da provincia de Pontevedra	30
Retorno en medios de comunicación, no turismo e no desenvolvemento económico, así como na imaxe	17
Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da directora ou director	7
Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da produtora audiovisual	7
Prestixio, traxectoria e historial de premios do elenco de actrices e actores	7
Promoción da igualdade, con análise da existencia de paridade de xénero	8
Fomento de valores sociais no carácter da produción e do seu guión	7
PUNTOS TOTAIS.....	83

9. Rematada a valoración dos proxectos na liña 1, a Comisión Técnica procede á valoración dos proxectos que optaron a esta convocatoria na liña 2 e que obteñen a seguinte puntuación:

LIÑA 2

PRODUCTORA	CLAUDIA BRENLLA LÓPEZ		
PROXECTO	“Antes de antes” (Curta documental)		
IMPORTE	25.771,00 €	SOLICITADO	3.000,00 €
TOTAL PUNTOS	81	PROPOSTA	3.000,00 €

CRITERIOS DE VALORACIÓN (ata 100 puntos)

Contido e rigor informativo: veracidade información, investigación, fontes fiables e diversas, profundidade de análise, calidade narrativa e estrutura, orixinalidade e enfoque	30
Calidade técnica: imaxe, son e montaxe	20
Gravación na provincia de Pontevedra ou temática relacionada coa provincia de Pontevedra	10
Retorno nos medios de comunicación, no turismo e no desenvolvemento económico así como na imaxe; impacto sobre a institución, a provincia e a marca “Pontevedra”	5
Elenco autoral vinculado profesionalmente coa provincia de Pontevedra	10
Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da produtora audiovisual	6
PUNTOS TOTAIS.....	81

PRODUCTORA	DAMIÁN PAZOS OTERO		
PROXECTO	“Tinta Femia” (Curta documental)		
IMPORTE	22.078,00 €	SOLICITADO	3.000,00 €
TOTAL PUNTOS	85	PROPOSTA	3.000,00 €



CRITERIOS DE VALORACIÓN (ata 100 puntos)

Contido e rigor informativo: veracidade información, investigación, fontes fiables e diversas, profundidade de análise, calidade narrativa e estrutura, orixinalidade e enfoque	30
Calidade técnica: imaxe, son e montaxe	25
Gravación na provincia de Pontevedra ou temática relacionada coa provincia de Pontevedra	10
Retorno nos medios de comunicación, no turismo e no desenvolvemento económico así como na imaxe; impacto sobre a institución, a provincia e a marca "Pontevedra"	6
Elenco autoral vinculado profesionalmente coa provincia de Pontevedra	8
Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da produtora audiovisual	6
PUNTOS TOTAIS.....	85

PRODUCTORA	SOMBRIZA FILMES, S.L.		
PROXECTO	"Que é unha montaña?? (Curta documental)		
IMPORTE	77.000,00 €	SOLICITADO	3.000,00 €
TOTAL PUNTOS	85	PROPOSTA	3.000,00 €

CRITERIOS DE VALORACIÓN (ata 100 puntos)

Contido e rigor informativo: veracidade información, investigación, fontes fiables e diversas, profundidade de análise, calidade narrativa e estrutura, orixinalidade e enfoque	25
Calidade técnica: imaxe, son e montaxe	30
Gravación na provincia de Pontevedra ou temática relacionada coa provincia de Pontevedra	10
Retorno nos medios de comunicación, no turismo e no desenvolvemento económico así como na imaxe; impacto sobre a institución, a provincia e a marca "Pontevedra"	5
Elenco autoral vinculado profesionalmente coa provincia de Pontevedra	8
Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da produtora audiovisual	7
PUNTOS TOTAIS.....	85

PRODUCTORA	ARRALANOS PRODUCCIÓN S, S.L.		
PROXECTO	"A Pontevedra de Antonio Palacios" (Documental de longa duración)		
IMPORTE	38.350,00 €	SOLICITADO	7.000,00 €
TOTAL PUNTOS	90	PROPOSTA	7.000,00 €



CRITERIOS DE VALORACIÓN (ata 100 puntos)

<i>Contido e rigor informativo: veracidade información, investigación, fontes fiables e diversas, profundidade de análise, calidade narrativa e estrutura, orixinalidade e enfoque</i>	30
<i>Calidade técnica: imaxe, son e montaxe</i>	30
<i>Gravación na provincia de Pontevedra ou temática relacionada coa provincia de Pontevedra</i>	6
<i>Retorno nos medios de comunicación, no turismo e no desenvolvemento económico así como na imaxe; impacto sobre a institución, a provincia e a marca "Pontevedra"</i>	9
<i>Elenco autoral vinculado profesionalmente coa provincia de Pontevedra</i>	7
<i>Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da produtora audiovisual</i>	8
PUNTOS TOTAIS.....	90

PRODUCTORA	PRODUCCIONES VIGO, S.L.		
PROXECTO	"Mary Quinteiro, máis de 30 anos de creatividade" (Documental de longa duración)		
IMPORTE	27.553,24 €	SOLICITADO	7.000,00 €
TOTAL PUNTOS	85	PROPOSTA	7.000,00 €

CRITERIOS DE VALORACIÓN (ata 100 puntos)

<i>Contido e rigor informativo: veracidade información, investigación, fontes fiables e diversas, profundidade de análise, calidade narrativa e estrutura, orixinalidade e enfoque</i>	30
<i>Calidade técnica: imaxe, son e montaxe</i>	30
<i>Gravación na provincia de Pontevedra ou temática relacionada coa provincia de Pontevedra</i>	7
<i>Retorno nos medios de comunicación, no turismo e no desenvolvemento económico así como na imaxe; impacto sobre a institución, a provincia e a marca "Pontevedra"</i>	6
<i>Elenco autoral vinculado profesionalmente coa provincia de Pontevedra</i>	6
<i>Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da produtora audiovisual</i>	6
PUNTOS TOTAIS.....	85



PRODUCTORA	ANNA KULYK		
PROXECTO	"Baleas, naufraxios e outras historias do fin do mundo" (Documental de longa duración)		
IMPORTE	80.000,00 €	SOLICITADO	7.000,00 €
TOTAL PUNTOS	85	PROPOSTA	7.000,00 €

CRITERIOS DE VALORACIÓN (ata 100 puntos)

Contido e rigor informativo: veracidade información, investigación, fontes fiables e diversas, profundidade de análise, calidade narrativa e estrutura, orixinalidade e enfoque	30
Calidade técnica: imaxe, son e montaxe	25
Gravación na provincia de Pontevedra ou temática relacionada coa provincia de Pontevedra	6
Retorno nos medios de comunicación, no turismo e no desenvolvemento económico así como na imaxe; impacto sobre a institución, a provincia e a marca "Pontevedra"	8
Elenco autoral vinculado profesionalmente coa provincia de Pontevedra	8
Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da produtora audiovisual	8
PUNTOS TOTAIS.....	85

PRODUCTORA	FERNANDO MAHÍA VILAS		
PROXECTO	"Correntes do Atlántico" (Podcast)		
IMPORTE	17.035,49,00 €	SOLICITADO	3.000,00 €
TOTAL PUNTOS	64	PROPOSTA	2.000,00 €

CRITERIOS DE VALORACIÓN (ata 100 puntos)

Contido e rigor informativo: veracidade información, investigación, fontes fiables e diversas, profundidade de análise, calidade narrativa e estrutura, orixinalidade e enfoque	20
Calidade técnica: imaxe, son e montaxe	20
Gravación na provincia de Pontevedra ou temática relacionada coa provincia de Pontevedra	6
Retorno nos medios de comunicación, no turismo e no desenvolvemento económico así como na imaxe; impacto sobre a institución, a provincia e a marca "Pontevedra"	6
Elenco autoral vinculado profesionalmente coa provincia de Pontevedra	6
Prestixio, traxectoria e historial de premios e festivais da produtora audiovisual	6
PUNTOS TOTAIS.....	64



10. Á vista da puntuación outorgada pola Comisión técnica a cada un dos proxectos que optaron a esta convocatoria, fórmulase a proposta definitiva de realización dos contratos de patrocinio en cada unha das liñas de actuación, para que se traslade ao órgano competente para a súa aprobación:

Liña 1:

NIF/CIF	Nome Completo	Título	Modalidade	Puntuación	Importe
35490819W	Cristela Torres Nine	Avisa cando chegues	Curtametraxe	100	3.500,00 €
B27450121	Gaitafilmes SL	Señora Azul	Curtametraxe	84	3.500,00 €
F27856517	Sétima Sociedade Coop Galega	A morte nos teus ollos	Longametraxe	92	25.000,00 €
V19404292	Me has robado el corazón, AIE	Me has robado el corazón	Longametraxe	66	12.000,00 €
B36486140	Matriuska Producciones SL	O pesadelo das vacas	Longametraxe	96	25.000,00 €
Y4792577N	Anna Kulyk	Os Salmos	Longametraxe	83	25.000,00 €

Total patrocinios Liña 1 2025 94.000,00 €

Liña 2:

NIF/CIF	Nome Completo	Título	Modalidade	Puntuación	Importe
3276200H	Claudia Brenlla López	Antes de antes	Curta documental	81	3.000,00 €
53612567G	Damián Pazos Otero	Tinta Femia	Curta documental	85	3.000,00 €
B94086154	Sombriza Films, SL	Que é unha montaña?	Curta documental	85	3.000,00 €
B70436233	Arraianos Productions SL	A Pontevedra de Antonio Palacios	Documental de longa duración	90	7.000,00 €
B36842854	Producciones Vigo, S.L.	Mary Quinteiro, máis de 90 anos de creatividade	Documental de longa duración	85	7.000,00 €
Y4792577N	Anna Kulyk	Baleas, naufraxios e outras historias do fin do mundo	Documental de longa duración	85	7.000,00 €
46917792T	Fernando Mabía Vilas	Correntes do Atlántico	Podcast documental	64	2.000,00 €

..... Total patrocinios Liña 2 2025 32.000,00 €

.... Total patrocinios Liña 1 + Liña 2 126.000,00 €



11. Así mesmo a comisión técnica acorda non valorar e por tanto excluír os proxectos que se relacionan a continuación polos motivos que se indican:

Liña 1

NIF/CIF	Nome Completo	Título	Motivo exclusión
B16691644	Bastion Films SL	El Desvío	Non se valora por non aportar documentación suficiente na memoria de contidos: non aporta guión literario, nin técnico nin documento no que se poida avaliar a calidade narrativa, a estrutura nin o enfoque da proposta. O orzamento presentado non se axusta ao proxecto para o que solicita a axuda. No encabezado do orzamento figura un título diferente ao presentado para a axuda.
34953790N	María Elena Gallego Abad	Furancho, bota viño!	Non se valora por non aportar documentación suficiente na memoria de contidos: non ten guión, non ten unha proposta de plan de medios, só achega un informe de prensa de noticias xa publicadas.
B70436233	Arraianos Productions SL	No camiño do Ribeiro (As andanzas de Graban Greene por España)	A comisión estima que o proxecto non corresponde coa liña á que opta. Presentouse para longametraxe de ficción e o proxecto trátase dun documental. As bases establecen que só se pode presentar un proxecto por liña. A mesma produtora ten outro proxecto presentado na liña 2

Liña 2:

NIF/CIF	Nome Completo	Título	Motivos exclusión
73241439D	Carlos Prado Pampín	Eu son a capirota	Non se valora por non aportar documentación suficiente na memoria de contidos: non aporta guión literario, nin técnico nin documento no que se poida avaliar a calidade narrativa, a estrutura nin o enfoque da proposta. Por plantexar o uso da IA como valor de produción sobre a que descansa o interese do proxecto.
B75964924	Tulsa Filmes Sociedad Limitada	A Defensa da Vila - Documental e fenómeno cultural	Non se valora por non aportar documentación suficiente na memoria de contidos: non aporta guión literario, nin técnico nin documento no que se poida avaliar a calidade narrativa, a estrutura nin o enfoque da proposta. Por plantexar o uso da IA como valor de produción sobre a que descansa o interese do proxecto.



36034537T	Ángel Enrique González Corbacho	Festeiros pola provincia de Pontevedra	Non se valora por non aportar documentación suficiente na memoria de contidos: non aporta guión literario, nin técnico nin documento no que poida avaliar a calidade narrativa, a estrutura nin o enfoque da proposta. Non aporta ningún documento que faga avaliable a calidade técnica da proposta, nin o retorno mediático. Non aporta información sobre o elenco autoral nin o equipo técnico que levará a cabo a proposta.
-----------	---------------------------------	--	---

E, non sendo outro o obxecto da reunión cando son as trece horas e trinta minutos do mencionado día, dáse por finalizada esta, do que eu, como secretaria, dou fe.

Documento datado e asinado dixitalmente.”

12.35753.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL SANTO TOMÉ DE PIÑEIRO PARA A “LIÑA 1: XUNTANZA VECIÑAL”, DO CONCELLO DE MARÍN APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 12/09/2025. (EXPTE2025045354)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 02 de maio de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2025” (Acordo núm. 3.35243) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 87 de maio de 2025.

Segundo.- En data 09 de xuño de 2025, Aurita Rosa Filgueira, en representación da ASOCIACION CULTURAL SANTO TOME DE PIÑEIRO (NIF: G36187490) presenta solicitude para “Liña 1: Xuntanza veciñal”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 750,20 €, presentando emenda posterior en data 27 de Xuño de 2025 cun orzamento definitivo de 544,50 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 12 de setembro de 2025, (Acordo núm. 11.35607) acordou concederlle á ASOCIACION CULTURAL SANTO TOME DE PIÑEIRO, do concello de Marín (NIF:G36187490) unha subvención de 362,57€ para “Liña 1: Xuntanza veciñal” con cargo á aplicación orzamentaria 25/330.3340.489.05 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 09/10/2025 e número de rexistro WEB2025070331, a ASOCIACION CULTURAL SANTO TOME DE PIÑEIRO de Marín, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada polo falecemento dun membro da asociación, de xeito que non se realizou a actividade para a que estaba destinada a subvención solicitada, que debía celebrarse o 31/08/2025.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 27/10/2025 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACION CULTURAL SANTO TOME DE PIÑEIRO (NIF: G36187490) documento con CSV: XAW1V2NVJXHCGT35



Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus



dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola ASOCIACION CULTURAL SANTO TOME DE PIÑEIRO (NIF:G36187490) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 362,57€ para a realización da actividade do “Liña 1: Xuntanza veciñal” (documento co CSV:XY99Z5FI20GE6QXT).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

13.35754.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES AO ABEIRO DO PROGRAMA +NOVAQUA 2025 COMO CONSECUENCIA DA AMPLIACIÓN DA CONTÍA DO PROGRAMA. (EXPTE. 2024079745)

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2025)”, publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

SEGUNDO.- Nos termos referidos na base quinta, modificada na Xunta de Goberno en sesión ordinaria do día 23 de xuño de 2025, o financiamento do programa +NOVAQUA 2025 da provincia de Pontevedra desta convocatoria ascende a trescentos mil (300.000,00 €) euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2025, imputables contra a aplicación orzamentaria 2025/942.4590.489.07, para gastos correntes.



TERCEIRO.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 12 de setembro de 2025, adoptou o acordo número 6.35602 de “concesión de subvencións da convocatoria do programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (Programa +NOVAQUA 2025)”, a 61 comunidades de usuarios de entre as 69 solicitudes que cumprían todos os requisitos esixidos polas bases por un importe total de 297.539,16 euros.

CUARTO.- O Pleno da Deputación de Pontevedra, co obxecto de dar mellor cumprimento ós obxectivos do programa, mediante o acordo número 3.8492 na súa sesión extraordinaria do día 30 de setembro de 2025, aprobou complementar o crédito do programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2025) en corenta mil euros (40.000,00€) cargo ao orzamento provincial do exercicio 2025.

QUINTO.- Á vista do suplemento de crédito antedito e do sobranse existente na aplicación orzamentaria (2.460,84 €), procede conceder as subvencións polo importe detallado, tal e como se mostra na seguinte táboa, ás solicitudes que se desestimaron por terse esgotado o crédito nun primeiro momento. Todas as comunidades referidas contan no respectivo expediente coa documentación requirida para ser beneficiarias da subvención ao abeiro do Programa +NOVAQUA 2025.

PROPOSTAS PARA CONCESIÓN							
CIF	CCUU	CONCELLO	EXPEDIENTE	ACTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA	SUBVENCIÓN A CONCEDER
G55466940	CCUU O PAZO - CANGRALLO	BARRO	2025015200	RENOVACIÓN DA CONCESIÓN ANTE AUGAS DE GALICIA E ANALÍTICA DA CALIDADE DA AUGA PARA ABASTECIMENTO	3.561,86 €	3.561,86 €	3.561,86 €
G21631221	COMUNIDAD DE USUARIOS TRAIDA DE AUGAS DO ROLLO	ESTRADA, A	2025015188	LEGALIZACIÓN DE LA COMUNIDAD DE USUARIOS TRAÍDA DE AUGAS DO ROLLO	6.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €
G94141223	COMUNIDAD DE USUARIOS DE PAXORA-FOZARA	PONTEAREAS	2025015181	RENOVACION DA CONCESION DA COMUNIDADE	4.553,81 €	4.553,81 €	4.553,81 €
G36152031	COMUNIDAD DE AGUAS DEL BARRIO DE CORTELLAS - SOTOMAYOR	SOUTOMAIOR	2025015229	LEGALIZACIÓN DE LA COMUNIDAD DE USUARIOS CORTELLAS-SOUTOMAIOR	6.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €



G36435337	COMUNIDA DE DE ABASTECEM ENTO DO MANANCIAL DE RESTEVELAS	ESTRADA, A	2025015198	NOVACIÓN DA CONCESIÓN DA ÁGUA	6.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €
G44668697	COMUNIDA DE DE USUARIOS LAXE E MEDELO	CERDEDO - COTOBADE	2025015830	NOVACIÓN DA CONCESIÓN DE CAPTACIÓN DE ÁGUA PARA A COMUNIDADE DE USUARIOS LAXE E MEDELO	5.935,67 €	5.935,67 €	5.935,67 €
G36478618	COMUNIDA D DE USUARIOS DE CHAN DE GANDARA	PONTEAREAS	2025015827	NOVACIÓN DE CONCESIÓN ABASTECIMIENTO DE USO DOMÉSTICO	4.597,02 €	4.597,02 €	4.597,02 €
G56236367	COMUNIDA DE DE AUGAS DE AS DEVESAS	CERDEDO - COTOBADE	2025015717	RENOVACION DA CONCESION DA COMUNIDADE	5.249,56 €	5.249,56 €	5.249,56 €

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2025).

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 6ª da convocatoria, que establece que o procedemento de concesión das subvencións é o de concorrência competitiva, de acordo cos criterios de valoración recollidas nela.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que lle corresponde ao xefe do Servizo de Cooperación á instrución do procedemento de concesión.



Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial vixente, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª da convocatoria do Programa +NOVAQUA 2025, que indica que o xefe do Servizo de Cooperación, emitirá informe-proposta no que figurará a valoración das solicitudes á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e sinalando a subvención que lle corresponde a cada un dos beneficiarios segundo o solicitado, tendo en conta que ás solicitudes con maior puntuación poderá asignárselles unha subvención de ata o cen por cen do orzamento presentado, dentro do importe máximo subvencionable e a contía solicitada. Para a última solicitude que obteña subvención, o importe subvencionable será igual á cantidade restante ata o esgotamento do crédito, se ben, pasará a formar parte da lista de agarda como primeira solicitude e poderá obter por esta vía unha subvención polo importe restante non subvencionado, coas limitacións reguladas por estas bases. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns da desestimación. Para aquelas solicitudes que se desestimen por terse esgotado o crédito establecerase unha prelación e pasarán a constituír a lista de agarda.
- Base reguladora 5ª do Programa +NOVAQUA 2025, na cal prevese a posibilidade de ampliar o crédito nas circunstancias previstas no artigo 58.2 do Regulamento da lei 38/2003, de 17 de novembro, de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Resolución do expediente

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 25ª do orzamento provincial que recolle as normas xerais reguladoras das subvencións.
- Base reguladora 1ª da convocatoria que define o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este programa.
- Bases reguladoras 8ª e 10ª da convocatoria que recolle a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.



- O artigo 63 do Real Decreto 887/2006 establece que mediante resolución acordarase tanto o outorgamento das subvencións, como a desestimación e a non concesión, por desistencia, a renuncia ao dereito ou a imposibilidade material sobrevinda; neste mesmo sentido se pronuncia o artigo 16 da Ordenanza Xeral.

CONCLUSIÓN

Sen prexuízo das observacións realizadas pola Intervención, tendo en conta que non se prexudican dereitos de terceiros, que existe crédito suficiente e que a proposta de concesión afecta a solicitudes que cómpren a totalidade dos requisitos para a válida concesión das subvencións e que conforman o listado de agarda por non existir crédito suficiente no momento da concesión inicial, co obxecto de cumprir o acordo plenario referenciado ut supra e, así mesmo, dar un cumprimento en maior grao aos obxectivos do plan, tendo en conta que afectan a bens esenciais de consumo humano e por tanto a demora na prestación da acción de fomento afectaría negativamente á calidade dun servizo básico para a veciñanza, estímase procedente continuar a tramitación da concesión das subvencións ás solicitudes que pasaron a conformar o listado de agarda por terse esgotado o crédito nun primeiro momento, con cargo ao importe suplementado mediante acordo plenario do 30 de setembro de 2025, condicionado á publicación e entrada en vigor de dita modificación de crédito.

En consecuencia, con suxeición ao antedito e as consideracións xurídicas expostas, informo favorablemente e proponho:

- Concederlle ás comunidades sinaladas na táboa “*PROPOSTAS PARA CONCESIÓN*” os importes sinalados na mesma.
- Comprometer o gasto por importe de 41.897,92 euros, imputables contra a aplicación orzamentaria 2025/942.4590.489.07, para gastos correntes do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2025.

RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

En Pontevedra, na data da sinatura dixital
O xefe do servizo de Cooperación
Marcos Areán González”



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación, e a dilixencia de desconformidade da intervención provincial de data 31/10/2025, con carácter non suspensivo, e previo exame das consideracións recollidas no informe xustificativo da xefatura do Servizo de Cooperación do 04/11/2025, no que se argumenta xuridicamente a procedencia da aprobación desta proposta, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Concederlle á “CCUU O Pazo - Cangrallo” con CIF G55466940, do concello de Barro, a cantidade de 3.561,86 euros ao abeiro do “Programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2025)”.
2. Concederlle á “Comunidade de usuarios traída de augas do Rollo” con CIF G21631221, do concello da Estrada, a cantidade de 6.000,00 euros ao abeiro do “Programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2025)”.
3. Concederlle á “Comunidade de usuarios de Paxora-Fozara” con CIF G94141223, do concello de Pontearreas, a cantidade de 4.553,81 euros ao abeiro do “Programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2025)”.
4. Concederlle á “Comunidade de augas del barrio de Cortellas - Sotomayor” con CIF G36152031, do concello de Soutomaior, a cantidade de 6.000,00 euros ao abeiro do “Programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2025)”.
5. Concederlle á “Comunidade de abastecemento do manancial de Restevelas” con CIF G36435337, do concello da Estrada, a cantidade de 6.000,00 euros ao abeiro do “Programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2025)”.
6. Concederlle á “Comunidade de usuarios Laxe e Medelo” con CIF G44668697, do concello de Cerdedo-Cotobade, a cantidade de 5.935,67 euros ao abeiro do “Programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2025)”.
7. Concederlle á “Comunidade de usuarios de chan de Gándara” con CIF G36478618, do concello de Pontearreas, a cantidade de 4.597,02 euros ao abeiro do “Programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2025)”.
8. Concederlle á “Comunidade de augas de as Devesas” con CIF G56236367, do concello de Cerdedo-Cotobade a cantidade de 5.249,56 euros ao abeiro do “Programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2025)”.

Así mesmo, as presentes subvencións concédense con suxeición ás seguintes condicións:

- a) As subvencións concédense para colaborar na execución das devanditas actuacións, non podendo variarse o destino ou finalidade da subvención.



- b) As entidades beneficiarias deberán ter executadas as actuacións na súa totalidade o 31 de decembro de 2025 e xustificadas, a máis tardar, o 31 de marzo de 2026. O incumprimento das obrigas de execución e xustificación dará lugar ao inicio do expediente de perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.
 - c) A execución e xustificación destas actuacións correspóndelle ás comunidades de usuarios de augas coa finalidade de abastecemento para consumo humano da provincia de Pontevedra beneficiarias, e realizarase conforme ao previsto nas Bases reguladoras e a lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
 - d) Para o aboamento da subvención concedida, requirirase a presentación da documentación xustificativa prevista nas bases, e previa comprobación por parte dos servizos técnicos provinciais, Cooperación e Intervención, de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado e, ademais, de que se cumpriu coa finalidade e o obxecto da subvención. A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar ao inicio do expediente de perda, total ou parcial, do dereito ao cobro da subvención correspondente.
9. Autorizar e comprometer o gasto por importe de 41.897,92 euros, imputables contra a aplicación orzamentaria 2025/942.4590.489.07, para gastos correntes do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2025.
10. Darlle traslado do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

14.35755.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO OCURRIDOS NUNHA ESTRADA NO CONCELLO DE TOMIÑO. (EXPTE. 2023065080)

Dada conta que con data de rexistro 19/10/2023 (rex. núm. WEB2023058635), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. F. Javier Varela González en representación de Allianz, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A., por danos nun vehículo asegurado na citada compañía ó caer sobre o mesmo un sinal vertical da estrada provincial E.P. 3102 Tomiño-Sabarís, no Concello de Tomiño, o día 23/10/2022, e que cuantificou economicamente en 213,93 €.

Resultando.- Que con data 24/10/2023 e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación que o emitiu na data 16/11/2023, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO. - O sinistro localízase na EP-3102 TOMIÑO - SABARÍS, na marxe dereita do p.q. 1+530. Dito punto pertence á Rede de Estradas da Deputación Provincial.

SEGUNDO.- Non houbo aviso do accidente e non foi necesaria a intervención da brigada no accidente.

Non hai constancia de sinistros similares no mesmo punto en datas anteriores e posteriores.




TERCEIRO.- O sinistro se localiza nun tramo de vía no que a calzada e a beiravía se atopan delimitadas por liña continua, como se pode comprobar na fotografía aérea do tramo en cuestión. Como indica o regulamento de circulación, a liña continua sobre a calzada significa que ningún condutor co seu vehículo ou animal debe atravesala nin circular sobre ela. Polo tanto non se debe pisar nin rebasar.

Esta liña continua unicamente se ve interrompida nos puntos de acceso á vía dende os predios lindeiros ou conexión con outros camiños, tramos onde se fai discontinua, para poder permitir rebasala. Neste tramo, polo tanto, non hai zona habilitadas como aparcamentos.



CUARTO.- Como se pode apreciar nas fotografías tomadas no lugar do sinistro aportadas no informe da Policía Local, o vehículo accidentado se atopa estacionado na beiravía da estrada, fóra da calzada, no punto no que se sitúa unha liña discontinua coa finalidade de permitir o acceso á parcela, non sendo un lugar habilitado para realizarlos estacionamentos dos vehículos.

Obsérvase nas mesmas fotos que hai outro vehículo estacionado, polo que se pode adiviñar o emprego frecuente dese tramo contiguo á estrada como aparcamento sen ser o lugar apropiado para dito uso.



QUINTO.-É preciso aclarar que o sinal da estrada se atopaba instalado na cuneta, e que á vista de fotografías aéreas históricas, entre os anos 2009 e 2010, o titular da parcela realizou obras de canalización da cuneta y mellora de acceso, pavimentando o mesmo e deixando o sinal embebido dentro da soleira de formigón. Polo tanto, pódese concluír que si a caída do sinal foi a causa dun fallo na cimentación da mesma, a responsabilidade en todo caso é do particular que realizou as obras e modificou o estado previo de dito sinal.

María Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2024003027, de data 16/04/2024, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver o procedemento por atoparse naquel intre o expediente pendente de informes necesarios para a súa resolución, circunstancia esta que aconsellou a ampliación do prazo para resolver.

Resultando.- Que con data 17/04/2024, solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, acerca do nome e dirección postal do titular da parcela que realizou as obras de canalización e mellora do acceso, coa finalidade de empraalo como interesado no procedemento, así como se este solicitou autorización para a realización das mesmas ou se, pola contra, foi iniciado procedemento sancionador contra dito propietario.


Resultando.- Que con data 25/04/2024, o Servizo de Infraestruturas remite informe co seguinte contido:

En referencia ó nome e dirección postal do titular da parcela que realizou as obras de canalización e mellora do acceso, coa finalidade de empraalo como interesado no procedemento, manifestando se solicitou autorización para a realización das mesmas ou se, pola contra, foi iniciado procedemento sancionador contra o citado propietario, cabe indicar o seguinte:


- *A parcela na que se sitúa a casa á que da o acceso ten a referencia catastral 36054A059003910001RU.*
- *Segundo os datos que figuran no catastro dita parcela pertence a MANUEL PALMEIRO RODRÍGUEZ (50%) E CARMEN ELENA DOCARME FERNÁNDEZ (50%), ambos con domicilio en RUA DR TOSCANO 12, Pl:01, Pt:D, CP:36205 VIGO (PONTEVEDRA).*
- *Nos arquivos existentes nesta Administración existen dúas autorizacións compatibles co estado actual:*
 - 1. AUTORIZACIÓN emitida o 11/09/2009 para a construción do cerramento da parcela.*
 - 2. AUTORIZACIÓN emitida o 02/12/2009 para a construción do acceso, constando dun paso salvacunetas e rexxas de fundición para a recollida de augas pluviais.*
- *Non hai polo tanto procedemento sancionador contra o citado propietario.*
- *No vídeo inventario de estradas (ano 2005) se pode apreciar dito sinal instalado, polo que o sinal xa existía antes de facerse a construción do acceso e o cerramento. Na vista traseira do ano 2005 se ve o sinal instalado xunto a un talude que o titular da autorización tivo que desmontar para construír o cerramento e pavimentar a explanada, co conseguinte traslado do sinal ó punto no que se localiza na data da reclamación.*



VISTA FRONTAL COMPARADA – ANO 2017 E ANO 2005



VISTA TRASEIRA ANO 2005



María Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro



Resultando.- Que á vista do recollido no informe complementario de Infraestruturas e Vías Provinciais, con data 10/05/2024, e con fundamento no artigo 4.1, apartados b) e c) da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 76.1 da mesma Lei, conferiuse ós propietarios da parcela un prazo de dez días para que puideran comparecer como interesados e realizar as alegacións que tiveran por convenientes.

Resultando.- Que con data 27/05/2024, recibíuse nesta Deputación escrito de alegacións de D.^a Ana M.^a Gómez Espiñeira, en representación de D. Manuel Palmeira Rodríguez e esposa, co seguinte contido:

PRIMERA; Mi representado manifiesta por este escrito que desea mostrarse parte como interesado en el expediente indicado.

SEGUNDO.- Entiende este parte, que ninguna responsabilidad tienen mis representados en la indemnización que se solicita, puesto que la carretera es propiedad de la Diputación y a ella le corresponde su mantenimiento, instalación y conservación de las señales, según lo establecido en el art.139.1 del Reglamento General de Circulación, el mantenimiento de las vías le “corresponde al titular de la vía la responsabilidad de su mantenimiento en las mejores condiciones posibles de seguridad para la circulación y la instalación y conservación en ella de las adecuadas señales y marcas viales”.

Mis representados son propietarios del terreno colindante con la carretera propiedad de la Diputación, el que tuvieron que retranquear 6,30 metros desde el eje de la carretera en virtud de autorización del 26 de noviembre de 2009 para proceder al cierre de la finca.

En esa carretera existe una señal, que debe instalar y conservar de manera adecuada el titular de la vía, en ningún caso un particular.

TERCERO. - Responsabilidad patrimonial de la Administración.

Se establecen por la jurisprudencia distintos requisitos para que prospere la pretensión de la responsabilidad patrimonial de la Administración;

- *La acreditación de la realidad del resultado dañoso.*
- *Ausencia de causas de justificación de la producción del daño sufrido, por no concurrir en la persona afectada el deber jurídico de soportar el perjuicio patrimonial producido.*
- *La imputabilidad a la Administración de la actividad, entendiéndose como “funcionamiento de los servicios públicos”, incluida la actuación por omisión o pasividad.*
- *La salvedad exonerante en los casos de fuerza mayor.*
- *Que la reclamación se curse antes del transcurso del año desde el hecho motivador de la responsabilidad.*

En este caso, el perjudicado sufre unos daños en su vehículo por un deficiente mantenimiento de las señales en una carretera provincial, por tanto, por un funcionamiento anormal de la Administración. (omisión).

Este funcionamiento anormal le obliga al administrado a sufrir un daño antijurídico consecuencia de un mal mantenimiento de la señal de tráfico, que es obligación de la Administración.



Subsidiariamente, se podría valorar la actuación del conductor del vehículo, si observó la señal y si ésta estaba en perfectas condiciones o si, por el contrario, estaba ya dañada, en este caso, la lesión puede venir derivada de la propia situación de riesgo en que se colocó el propio perjudicado.

En todo caso, ninguna responsabilidad tiene mi representado, puesto que el mantenimiento de la carretera y sus señales son competencia de la Diputación Provincial, aunque figure en el catastro como titular del terreno, puesto que este se ha retranqueado obligatoriamente según el permiso que aportamos.

No se puede hacer responsable de la señalización a un particular y en todo caso desde el año 2009 donde consta la autorización para hacer el cierre, han pasado más de catorce años, tiempo suficiente para que la Diputación haga un mantenimiento de la misma.

Por lo expuesto, SOLICITO; se me tenga por personado en el expediente 2023065080, y se tengan por hechas las anteriores alegaciones.

Resultando.- Que con data 22/10/2022, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación acerca da data da última revisión periódica da estrada antes da produción dos danos reclamados, remitindo informe na data 23/10/2025, co seguinte contido:

En referencia á data da última revisión periódica da vía antes de producirse o sinistro, non hai parte de rexistro de dita revisión, pero estas revisións se realizan por parte do Servizo de conservación cunha periodicidade semanal, polo que se deben percorrer a vía entre os días 17 (luns) e 21 (venres) de outubro de 2022, sen atopar ningunha incidencia reseñable nese tramo”.

Resultando.- Que con data 23/10/2022, solicitouse informe ó Servizo da Estación Fitopatolóxica Areiro da Deputación acerca dos datos de ventosidade e refachos do día do incidente, remitindo informe na data 23/10/2025, co seguinte contido:

Realizouse a consulta dos datos de Meteogalicia relativos á estación meteorolóxica próxima á estrada indicada durante o día 22 de outubro de 2022 e a madrugada do 23. A estación meteorolóxica consultada foi a situada no Monte Aloia (Tui) ao non estar operativa, nas datas indicadas, a estación correspondente ao concello de Tomiño (Sobrada).

Os rexistros da Estación do Monte Aloia amosan que o vento foi forte ao longo do sábado día 22 de outubro de 2022, rexistrándose durante a mañá refachos moi próximos aos 50 km/h e incluso superiores aos 60 km/h, con máximos que alcanzaron os 68,70 km/h, velocidade do vento a 10 m, as 11:50 a.m. Aínda que a intensidade baixou un pouco durante a tarde, dende as 23:00 h volveron a rexistrarse refachos por enriba dos 60 km/h.

A partir das 00:20 da madrugada do día 23 de outubro de 2022, rexistráronse nesta estación refachos que superaron os 75 km/h, alcanzando máximos de 96 km/h., velocidade do vento a 10 m, as 2:50 a.m. do 23/10/2022. Durante toda a madrugada deste día rexistráronse refachos por enriba dos 60 km/h con máximos de ata 75,40 km/h a 10 m ás 8:10 am do día 23/10/2022.



No anexo, amósanse os rexistros dezminutais dos días 22 e 23/10/2022 nesta estación meteorolóxica, cos refachos máximos alcanzados nestas datas. Datos obtidos da páxina Web de Meteogalicia (<https://www.meteogalicia.gal/web/home>).

María Pilar Vela Fernández

*Xefa de Servizo Estación Fitopatolóxica Areeiro*_____

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- No parte da Policía Local de Tomiño, achegado polo reclamante xunto coa instancia, recóllese que seguramente a caída do sinal debeuse ó forte temporal de vento desa noite.
- Non se tivo coñecemento do acontecido e non foi necesaria a intervención da brigada.
- Neste tramo non hai zonas habilitadas como aparcamentos, non sendo un lugar apropiado para dito uso.
- Á vista das fotografías aéreas históricas, entre os anos 2009 e 2010, o titular da parcela realizou obras de canalización da cuneta e mellora do acceso, pavimentando o mesmo e deixando o sinal embebido dentro da soleira de formigón, polo que se pode concluír que, se a caída do sinal foi a causa dun fallo na cimentación da mesma, a responsabilidade en todo caso sería do particular que realizou as obras e modificou o estado previo do sinal.
- O sinal xa existía antes de facerse a construción do acceso e o cerramento; así, na vista traseira do ano 2005, vése o sinal instalado xunto a un talude que o titular da autorización tivo que desmontar para construír o cerramento e pavimentar a explanada, co conseguinte traslado do sinal ó punto no que se localiza na data da reclamación.
- As revisións da vía realízanse cunha periodicidade semanal, polo que se debeu percorrer a vía entre os días 17 (luns) e 21 (venres) de outubro de 2022, sen atopar ningunha incidencia reseñable nese tramo.
- Segundo o informado pola Estación Fitopatolóxica Areeiro, o vento foi forte ao longo do sábado día 22 de outubro de 2022, sendo que a partires das 00:20 horas do día 23, rexistráronse refachos que superaron os 75 km/h, alcanzando máximos de 96 km/h, velocidade do vento a 10 m, ás 2:50 a.m. do 23/10/2022.



- Durante toda a madrugada deste día rexistráronse refachos por enriba dos 60 km/h con máximos de ata 75,40 km/h a 10 m ás 8:10 a.m. do día 23/10/2022.

Considerando.- Que polos argumentos esgrimidos no anterior considerando, o incidente sería imputable a un suposto de forza maior, caracterizado doutrinalmente polos elementos de externalidade e irresistibilidade en síntese de imprevisibilidade e inevitabilidade, ó que é alleo esta Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír as consecuencias indemnizatorias pola mera detención material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a reposición da vía, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que non houbo chamada por causa do acontecido polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 312/11; 77/12; 68/13; 185/13 e 120/17; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 220/20; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de costas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que a maior abundamento, das sentenzas dos Xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra que se invocaron, cabe resaltar os seguintes parágrafos:

- Da 312/11 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:

“...La misma nada pudo hacer para evitar el daño producido, una vez acreditado en autos que la Administración demandada no había tenido conocimiento previo de esa situación de peligro y por otro, que los estándares de mantenimiento eran los normales para una vía de esta clase...”

- Da 120/2017 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, que reproduce a da Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG de 27/10/2016:

“La jurisprudencia ha exigido tradicionalmente que el nexo causal sea directo, inmediato y exclusivo, lo cual supone desestimar sistemáticamente todas las pretensiones de indemnización cuando interfiere, de alguna manera, la culpa de la víctima o de un tercero. En particular, en materia de deficiencias del viario, ha de estarse a una estricta casuística, pues la obligación de la Administración en orden a la conservación del viario ha de extenderse al límite de lo razonable



y, por el contrario, ha de detenerse a las puertas de lo imposible. En efecto, consideramos que dar cumplimiento autónomo a una obligación de conservación de todo el viario con eficacia inmediata, exacta y completa, en todo lugar y momento, resultaría de contenido imposible en términos técnicos, jurídicos y económicos (...) y si bien tiene obligación de conservar el viario en idóneas condiciones de uso, no puede exigírsele que en todo tiempo y lugar acometa la reparación eficaz e instantánea de todo desconchado, protuberancia, rotura, abombamiento... sino aquello que represente por sus singulares circunstancias un peligro real y pueda el Ayuntamiento garantizar su pronta y eficaz solución (...) De ahí que, en los casos en que tenga lugar una incidencia inusual, garantizándose la conservación habitual del viario, y no exista un lapso temporal de permanencia del peligro en la misma que permita su detección y corrección, no podrá exigirse responsabilidad a la administración titular del mismo. Analizado todo lo expuesto, la respuesta en relación con la cuestión planteada debe ser negativa ya que no resulta exigible ni a la entidad demandada ni a ninguna otra, un mantenimiento continuo y en breve espacio de tiempo de las carreteras en estado impoluto...”

Considerando.- Que non houbo incidentes similares pola mesma causa.

Considerando.- Que na revisión do tramo realizada nos días previos ó incidente non se atopou ningunha incidencia ou circunstancia anómala.

Considerando.- Que podería, de ser o caso (cuestión que esta Deputación non prexulga), esixírselle a hipotética responsabilidade no eido da xurisdición civil ao titular da parcela que realizou obras de canalización e o posterior pavimentado do acceso, en virtude do artigo 1902 do Código Civil:

“El que por acción u omisión causa daño a otro, interviniendo culpa o negligencia, está obligado a reparar el daño causado”.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

15.35756.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR LESIÓNS PRODUCIDAS POR MOR DUNHA CAÍDA OCURRIDA NO CONCELLO DE SOUTOMAIOR. (EXPTE. 2024070063)

Dada conta que con data 25/10/2024 (núm. rex. WEB2024065645), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial, subscrita por D.^a Stella Rodríguez Fernández en representación de D.^a Milagros Dosantos Rodríguez, por lesións producidas o día 10/10/2023 por mor dunha caída a consecuencia dunha baldosa solta na beirarrúa da estrada provincial E.P. 2908 Arcade-Amoedo, á altura da nave de Urbaser, no Concello de Soutomaior, e que foi cuantificada economicamente en 9.766,94 €.





Resultando.- Que con data 18/12/2024, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 06/03/2025, co seguinte contido:

Primeiro.- A estrada E.P. 2908 ARCADE-AMOEDO pertence á rede provincial de estradas.



O accidente tivo lugar entornao ao punto quilométrico PK 1+750 (marxe esquerda) desta estrada provincial.





Segundo.- Non existen escritos rexistrados nin partes de incidencias en ningún caso polo motivo sinalado como causa do accidente. Desde ano 2023 aparecen incidencias na estrada provincial pero por outros motivos alleos á incidencia sinalada.

Terceiro.- Descoñécese a causa do deterioro na beirarrúa pero hai que ter en conta o paso do tempo desde a execución da urbanización onde se construíu este tramo (achégase foto do visor de Google Earth de xullo do 2023 onde non existen danos na beirarrúa).



Cuarto.- Non existía constancia de caída nese punto concreto da beirarrúa con anterioridade.

Quinto.- A franxa de circulación peonil (que é o espazo para o movemento peonil libre de calquera obstáculo) recoméndase cun ancho mínimo é igual a 1.20m.

Á vista das fotos facilitadas , a pesar das lousas deterioradas laterais, no momento do accidente a beirarrúa cumpría con este ancho libre.





*Por outra banda, e á vista da foto que se achega entendemos que o obstáculo era visible e rebasable.
A profundidade aproximada da plaqueta levantada sería de 2 cm.*

María Belén Pampín Camino
Enxeñeiro

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Capítulo IV do Título Preliminar, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no relativo ó prazo para resolver, e isto debido á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.



Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no acontecido polos seguintes argumentos que se desprenden do expediente:

- Non existen escritos rexistrados nin partes de incidencias polo motivo sinalado como causa do incidente.
- Descoñécese a causa do deterioro na beirarrúa pero hai que ter en conta o paso do tempo desde a execución da urbanización onde se construíu este tramo.
- A pesares diso, na foto do visor de Google Earth de xullo do 2023, tres meses antes do incidente, non existen danos na beirarrúa.
- Non se tivo constancia da caída con anterioridade á reclamación presentada.
- A franxa de circulación peonil (que é o espazo para o movemento peonil libre de calquera obstáculo) recoméndase cun ancho mínimo e igual a 1,20m e, a pesares das lousas deterioradas laterais, a beirarrúa cumpría con este ancho libre.
- Á vista das fotografías achegadas, o desperfecto da beirarrúa era perfectamente visible e rebasable, mantendo a atención imprescindible na deambulación.
- Existía mais espazo na beirarrúa para pasar, evitando o desperfecto.
- Non houbo mais caídas pola mesma causa, o que incide na falta de dilixencia e atención da accidentada, que posuíndo o control da situación non foi quen de evitar a caída; así, á vista das fotografías obrantes no expediente, nas inmediacións do punto no que acaeceu a caída atópanse numerosos establecementos que evidencian a presenza de viandantes que transitan polo lugar, aparte do mencionado pola propia reclamante -a nave de Urbaser-, outros que se encontran a escasos metros, como o pavillón municipal “A Montesíña”, o Colexio Santiago Apóstol e o establecemento Café Xícara, o que evidencia que o desperfecto pode ser salvado no deambular normal dunha persoa.

Nesta liña argumental o entenderon precedentes como os que se citan “ad exemplum”:

“... El comportamiento humano implica soportar los pequeños riesgos que una eventual falta de cuidado y atención comporta...”
Sentenza de 2 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S., LA LEY JURIS 11410/2006; e na mesma liña:

- Sentenza do 9 de maio de 2000 do T.S.
- Sentenza do 26 de marzo de 2004 do T.S.X.G.
- Sentenza do 10 de marzo de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.J. de Canarias.
- Sentenza do 30 de novembro de 2005, da Sección 14ª da Audiencia Provincial de Barcelona.
- Sentenza do 23 de decembro de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, do T.S.J. de Castilla y León.



- Sentenza do 3 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S.
- Sentenza do 9 de marzo de 2006, da Sección 1ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do 6 de abril de 2006, da Sección 3ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do TSXG de 3 de abril de 2013, que citando anteriores sentenzas de 29 de febreiro e de 9 de maio de 2012, expresa que:

“La vía pública no está exenta de peligros para el peatón (...) en el presente caso, el obstáculo que se dice originador de la caída no parece susceptible de originarla sin el actuar desatento de la víctima o, en su caso, un tropiezo fortuito o debido a su edad... no parece que la diferencia de nivel de la loseta con la que tropezó la recurrente (de 2, 3 ó 4 cms.) pueda entenderse que vulnera los estándares de seguridad exigible, la diferencia de nivel es mínima y tolerable y en consecuencia no fue ese desnivel la causa eficiente de la caída”.

- Sentenza do TSXG de 14 de abril de 2021 que recolle o que sigue:

“... Con carácter general, una caída derivada de un tropiezo en un obstáculo de dimensiones insignificantes o visibles entraña un daño no antijurídico, que debe soportar el administrado desde el mismo momento que participa del servicio público de aceras o calzada, porque no se puede pretender que la totalidad de aceras o calzadas de un casco urbano se encuentren absolutamente perfectas en su conservación y rasante (mayormente en el actual momento económico, con escasez de recursos), estando a cargo de quien lo sufre el daño que se produce como consecuencia de los riesgos generales de la vida inherentes al comportamiento humano, debiendo soportar los riesgos de una eventual falta de atención o cuidado en la deambulación por lugares de paso, como indican las sentencias del T.S. de 17/07/2003 y 22/02/2007, toda vez que la vida pública no está exenta de peligros para el peatón y si cualquier bache, desconchado, humedad, pendiente... se entiende causa eficiente para la producción del daño se estaría convirtiendo a la Administración (normalmente la Local) en aseguradora universal de todo evento dañoso, el obstáculo que se dice originador de la caída no parece susceptible de originarla sin el actuar desatento de la víctima, tropiezo fortuito, condiciones psicofísicas de la accidentada..., y, aún con deficiente conservación de la acera o calzada por la Administración, el necesario autocontrol de la deambulación excluye la responsabilidad de la Administración en los casos en que el desperfecto u obstáculo fuera fácilmente aplicable o conocido por el peatón por ser persona con vinculación en la zona o de mínima entidad que impida apreciar su capacidad para ocasionar daños en condiciones normales”.

- Ditame do Consello Consultivo de Galicia 877/06.
- Sentenza 262/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.
- Sentenza 156/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:

“...aún en el caso de reconocer ese déficit en las medidas, sea de seguridad sea de vigilancia, a adoptar respecto a la zona en obras, tampoco sería posible hablar de nexo causal directo (...). Al contrario, todo parece indicar que fue una desatención por parte del peatón en las condiciones de la vía la que originó el siniestro...”



- Sentenza 20/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:

“Por tanto, ni el estado de la acera en ese punto puede considerarse sorpresivo para el peatón, ni se puede considerar que fuese un obstáculo imprevisible e inevitable, pues se aprecia claramente por una persona con diligencia media con un deambular normal, existiendo más espacio en la acera para pasar, de forma que ha de considerarse que D^a. Victoria iba distraída y perdió el equilibrio cayendo en la acera (...) Se acredita la causa de exoneración consistente en culpa de la víctima, pues a esta también le es exigible la deambulación diligente, sin que quepa hacer del carácter objetivo de la responsabilidad patrimonial de la Administración Pública una especie de aseguradora universal de todos los daños que se produzcan...”

- Sentenza 252/13 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo:

“...el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado del peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que desde esta perspectiva, no puede calificarse como de antijurídico...”

- Sentenza 150/16 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:

“...Es exigible a cualquier viandante una mínima diligencia y cuidado cuando transita, que se concreta lógicamente en un deber de atención y cuidado”.

- Sentenza 210/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:

“(...) Eventual falta de atención, comportamiento desatento, o falta de diligencia básica debida en el actuar de la peatón lesionada. Sumado a la evidente dificultad para mantener en un impecabilísimo estado de conservación todas las aceras y vías públicas... y a la falta de demostración de que M^a. Dolores sufriera algún tipo de dolencia, enfermedad o discapacidad física, que le impidiera asegurar el paso en términos más o menos razonables, así como de que en ese mismo lugar hubiera sufrido otra caída algún otro viandante en fechas cercanas, así como a la condición del punto concreto donde se encontraba el desnivel de zona por la que no tiene que transitar el peatón, en tanto se encuentra dentro del alcorque instalado para un árbol y en una acera de considerables dimensiones (lo cual dejaba un muy buen espacio libre para la deambulación de la peatón aquí lesionada) entiendo que impide tener por cierta la acreditación suficiente para este supuesto de la existencia de un nexo causal eficiente, directo, entre daño o lesión por el que se reclama y el funcionamiento de un servicio público municipal. Por lo dicho procede la desestimación del presente recurso”.

Na mesma liña argumental se pronuncian os Xulgados de Pontevedra nas sentenzas 4/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, 217/2017 e 82/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 e a Sentenza 05/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, todos eles de Pontevedra; así como a Sentenza 123/23 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Vigo, ó sinalar o seguinte:

“... Sin embargo, esas irregularidades del pavimento, esos defectos de las losetas sobre el que se funda la imputación de responsabilidad patrimonial a la Administración debe considerarse en cabal aplicación de la doctrina anteriormente reseñada, como una irregularidad de la calzada banal o insignificante, como un riesgo inexistente, no cualificado e irrelevante en relación con el control normal del propio deambular, razón por la que el daño ha de imputarse a la falta



de atención y cuidado de la peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que, desde esta perspectiva, no puede calificarse de antijurídico (...) El siniestro se produjo en horas diurnas (...) en nuestro caso, las deficiencias de la vía pública, en los términos que han sido descritas, no puede concluirse que superen, por su naturaleza y riesgo inherentes, los estándares medios que el ciudadano debe soportar.

Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, conscientes de que hai accidentes que dependen unicamente da dilixencia na deambulación de quen os sofre, e que, atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/1985 e 223 do R.d. 2568/1986.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

16.35757.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO OCURRIDOS NUNHA ESTRADA NO CONCELLO DE MOS. (EXPTE. 2025062909)


Dada conta que con data 16/09/2025 (núm. rex. 2025017800), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Daniel Muñoz Ruiz en representación de D. Laureano Lorenzo Lago, por danos en vehículo, producidos o día 13/03/2025, a consecuencia da ausencia de rexa nun tramo da rede de sumidoiros no acceso ó Centro de Saúde de Mos – Avenida do Rebullón nº 31, Tameiga- no Concello de Mos, e que cuantificou economicamente en 705,37 €.

Resultando.- Que con data 20/10/2025, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 28/10/2025, co seguinte contido:

PRIMEIRO.- O sinistro localízase no acceso ó Centro de Saúde. Dito acceso sitúase nun vial que se atopa fóra do dominio público da EP-2604, e accede á mesma nas inmediacións do p.q. 0+650, pola marxe dereita.

Dito punto NON PERTENCE á Rede de Estradas da Deputación Provincial.





SEGUNDO.- Como se pode apreciar no informe e nas fotografías do atestado da Policía Local, o punto no que se produciu o accidente está xusto no acceso á parcela particular, facendo no informe referencia á ausencia de rexas e a existencia dun oco.



MOS

ACC- 15/2025

Agentes: 164007 y 164002



TERCEIRO.- En relación ós elementos deteriorados que se atopan no acceso, segundo indica o artigo 129.3 de Regulamento Xeral da Lei de estradas (Decreto 66/2016), “a conservación e mantemento do acceso, incluso na parte incorporada ao dominio público viario, coa excepción daqueles elementos que formen parte do tronco da estrada, corresponderalle á persoa titular da autorización”.

María Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial de Pontevedra pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en infraestruturas que non sexan da súa titularidade.



Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que “*En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque podrá resolver la inadmisión de las solicitudes (...) manifestamente carentes de fundamento*”.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

17.35758.- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA ASOCIACIÓN XUVENIL GALIZA NOVA CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 26 DE SETEMBRO DE 2025 POLO QUE SE DESESTIMA A SÚA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO “HOMENAXE ÁS CANTAREIRAS CON MOTIVO DAS LETRAS GALEGAS 2025”. (EXPTE.2025025554)

Dada conta do recurso de reposición interposto dona Marta Gómez Martín, en representación da Asociación Xuvenil Galiza Nova, fronte ao acordo da Xunta de Goberno, de 26 de setembro de 2025, polo que se desestimou a súa solicitude de subvención para o proxecto “Homenaxe ás cantareiras con motivo das Letras Galegas 2025, no marco da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025.

Visto o informe do Xefe do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, de data 31 de outubro de 2025, que é do seguinte teor literal:

“...ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 71, de 14 de abril de 2025, publícanse as Bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025, aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do 28 de marzo de 2025.

Segundo. O 22 de abril de 2025, con número de rexistro WEB2025029295, a Asociación Xuvenil Galiza Nova solicita unha subvención ao abeiro da devandita convocatoria, por importe de 3.000,00 euros, para levar a cabo o proxecto “Homenaxe ás cantareiras con motivo das Letras Galegas 2025”.

Terceiro. Achegado ao Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos o cartel anunciador do acto obxecto da solicitude, onde figura como entidade organizadora “Galiza Nova, Organización xuvenil do BNG”, o 7 de maio de 2025 requiríronselle á Asociación Xuvenil Galiza Nova os seus estatutos, para os efectos de facer as comprobacións pertinentes. Ese mesmo día (rexistro WEB 2025033509) a Asociación achega este documento.



Cuarto. O 7 de outubro de 2025 notifícaselle á citada entidade o acordo da Xunta de Goberno, de 26 de setembro de 2025, polo que se desestimaba a súa solicitude de subvención para o proxecto “Homenaxe ás cantareiras con motivo das letras galegas 2025” polo seguinte motivo:

Incumprir o establecido nas bases primeira, quinta e sexta da convocatoria, xa que esta entidade xuvenil manifesta expresamente que está vencellada cun partido político e que as súas actividades potencian o seu ideario, cuestións alleas ao contido e ao espírito desta convocatoria.

Quinto. O 28 de outubro de 2025, con número de rexistro WEB2025074610, a Asociación Xuvenil Galiza Nova presenta no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra un recurso de reposición contra a desestimación da solicitude de subvención para o proxecto “Homenaxe ás cantareiras con motivo das Letras Galegas 2025”, no que alegan unha serie de cuestións que serán tratadas nos fundamentos xurídicos deste informe.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. O recurso de reposición é interposto no tempo e na forma por dona Marta Gómez Martín, como representante da Asociación Xuvenil Galiza Nova, persoa lexitimada para iso como interesada no procedemento.

Segundo. De acordo co establecido nos artigos 123.1 e 124.1 da LPACAP, os actos administrativos que lle poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditase.

No presente expediente, o recurso de reposición interponse pola Asociación Xuvenil Galiza Nova fronte ao acordo da Xunta de Goberno, de 26 de setembro de 2025, polo que se desestimaba a súa solicitude de subvención para o proxecto “Homenaxe ás cantareiras con motivo das Letras Galegas 2025”.

Terceira. O recurso de reposición baséase nos seguintes argumentos:

- *Cumprimento das bases primeira, quinta e sexta da convocatoria.*
- *Que non figura o punto concreto das bases que se incumpre, xerando indefensión e constituíndo unha resolución arbitraria e en consecuencia, nula de pleno dereito.*
- *Que a aprobación das bases da convocatoria no dereito subvencional delimita os poderes discrecionais da Administración.*
- *Que esta mesma subvención con bases idénticas foi concedida a esta asociación xuvenil en anos anteriores.*

Cuarto. Analizados en detalle os argumentos expostos no recurso, adiantamos que a súa pretensión non pode ser acollida polos seguintes motivos:

A Asociación incumpriría a base primeira —na que se define o obxecto da convocatoria de subvencións—, pois esta prevese para actividades que organicen entidades culturais sen fins de lucro e non para entidades cuxo fin estatutario é político e non cultural. De conformidade co artigo 8.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) a xestión das subvencións debe realizarse con arranxo aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

O outorgamento desta axuda a entidades con fins políticos vulnerarían estes principios ao supoñer unha quebra da neutralidade institucional e o deber de imparcialidade da Administración pública; vulneración da imparcialidade que se estaría a facer efectiva coa comprobación feita por esta Administración, que verificou que o cartel anunciador do acto obxecto da subvención leva simboloxía do partido ao que pertence a asociación.



Achegado ao Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos o cartel anunciador do acto obxecto da solicitude, onde figura como entidade organizadora “Galiza Nova, Organización xuvenil do BNG”, verifícase que no artigo 3 dos estatutos presentados se establece: “A existencia desta asociación ten coma fins: deseñar e levar á práctica a política xuvenil nacionalista co obxectivo de crear un movemento xuvenil galego comprometido con Galiza e o traballo xuvenil na sociedade galega.”

Neste sentido, na súa web oficial, galizanova.gal, denomínanse da seguinte maneira: “Galiza Nova é a organización xuvenil do Bloque Nacionalista Galego, que ten como función básica a organización e a mobilización da mocidade de cara a acadar a liberación nacional de Galiza e a transformación da sociedade actual. O noso funcionamento baséase no asamblearismo de base a nivel local, comarcal e nacional para, entre tod@s, decidilo todo.”

Así mesmo, esta web recolle que “Galiza Nova celebrou a súa XVII Asemblea Nacional o sábado 2 de decembro de 2023 en Santiago de Compostela, onde a militancia aprobou as seguintes teses e estatutos:

(...)

Participación no BNG. A participación da militancia de Galiza Nova no BNG é importante para que continúe o seu avance, mais tamén é imprescindible cando o futuro da fronte patriótica depende da mocidade. Unha militancia xuvenil formada e con capacidade de intervir socialmente e de traballar nos movementos sociais cunha visión estratéxica da importancia destes para o avance do nacionalismo é, indubidabelmente, a garantía de poder nutrir o BNG de novos cadros políticos a nivel local ou nacional, orgánicos ou institucionais. A experiencia que dá a militancia xuvenil pode sentar as bases das futuras responsábeis políticas e organizativas da fronte. Por este motivo, como militantes de Galiza Nova, temos o deber de participar tamén no día a día do BNG. Esta participación tamén é importante para achegar as análises e propostas da mocidade no seo do BNG, a través das asembleas locais e comarcais, dos grupos de traballo nacionais do BNG ou da elaboración dos propios programas electorais, sen limitarse a resolver cuestións que afectan directamente a mocidade”.

(...)

CAPÍTULO I: DE GALIZA NOVA

Artigo 1. Galiza Nova, organización da mocidade do BNG, é unha organización xuvenil que asume como as súas funcións básicas o deseño e posta en práctica dunha política xuvenil nacionalista, de cara a vertebrar un movemento xuvenil galego comprometido coa liberación nacional e a transformación da nosa sociedade.

Artigo 2. Galiza Nova asume como propio o programa da fronte patriótica Bloque Nacionalista Galego, constituíndose na teoría e na práctica política na organización xuvenil ou mocidades do BNG, elaborando e desenvolvendo neste marco o seu programa de actuacións específicas.

Artigo 3. Galiza Nova vincúlase ao BNG ao abeiro do disposto no Protocolo de relación e integración da mocidade na estrutura frontista do BNG. Galiza Nova é, pois, unha organización integrada no BNG, dotada de órganos de dirección e finanzas e personalidade xurídica propios e diferenciados.

Artigo 4. Galiza Nova reconece a pluralidade ideolóxica existente dentro do BNG e neste sentido adoptará os mecanismos oportunos que tendan a un recoñecemento explícito desta. En particular, reconécese o dereito á constitución de tendencias organizadas no seo da organización e a posibilidade de establecer as medidas necesarias para o seu recoñecemento e desenvolvemento dentro do marco organizativo e dirección propio de Galiza Nova.

(...)

En consecuencia, “GALIZA NOVA vincúlase ao BNG ao abeiro do disposto no Protocolo de relación e integración da mocidade na estrutura frontista do BNG”. GALIZA NOVA é, pois, unha organización integrada no BNG, dotada de órganos de dirección, finanzas e personalidade xurídica propios e diferenciados.

Pola súa banda, as bases quinta e sexta, relativas ás entidades beneficiarias e actividades subvencionables, contemplan que aquelas deberán cumprir co sinalado no artigo 13 da LXS. Se ben a recorrente, tal e como indica no seu escrito, non se atopa en ningunha das situacións que impidan a súa concorrencia á axuda, o apartado 1 do mesmo artigo sinala que poderán obter a



condición de beneficiario as entidades que se atopen na situación que fundamenta a concesión da subvención; situación na que non se atopa a recorrente posto que non se trata dunha entidade cultural sen fins de lucro, se non dunha asociación con finalidade política.

A entidade, como xa se detallou no punto anterior, ten fins políticos e non culturais. Remitímonos, novamente, ao artigo 3 dos estatutos da entidade, nos que a definen como “vinculada ao BNG”, ao abeiro do disposto no Protocolo de relación e integración da mocidade na estrutura frontista do BNG (protocolo do que esta Administración non ten coñecemento do seu contido), e describíndoa como “unha organización integrada no BNG”.

Así mesmo, no artigo 63 dos seus estatutos (Capítulo VII “Relacións co BNG”), dispónse o seguinte:

“Ao abeiro do disposto no ‘Protocolo de Relación e Integración de Organización da Mocidade na estrutura frontista do BNG’ GALIZA NOVA ten dereito a:

- a) Estar representada en todos os órganos de dirección do BNG (Executiva, Consellos Nacional, Comarcal e Local). A Secretaria ou o Secretario Xeral e as ou os Responsábeis Comarcais e Locais serán os máximos responsábeis da representación de GALIZA NOVA nos órganos do BNG. No seu defecto, que a Asemblea pertinente decida. Se unha comarca do BNG abrangue máis dunha de GALIZA NOVA ou viceversa, serán as Asembleas Comarcais implicadas as que arbitren as medidas necesarias para garantir a representación.*
- b) A consideración das súas e seus militantes como militantes de pleno dereito do BNG, escusándose de contribuír ás cotizacións.*
- c) Estar presente e ser tida en conta nos programas e planificacións organizativas que o BNG leve a cabo.*
- d) Actuar como organización autónoma do BNG para a elaboración teórica e a intervención práctica na especificidade da política xuvenil, sendo responsábel do desenvolvemento do proxecto político para o colectivo xuvenil.”*

O estatuto define entre as funcións dos seus órganos (Asemblea Nacional, Dirección Nacional, Comisión Permanente, Asemblea Comarcal e Asemblea Local) entre outras, as seguintes:

- Definir a orientación política da Organización.*
- Dirixir o traballo político e de organización de GALIZA NOVA de acordo coa orientación definida na Asemblea Nacional.*
- Representar GALIZA NOVA nos órganos de dirección do BNG.*

O seu estatuto contén un capítulo (VII) dedicado enteiramente ás súas relacións co BNG.

Queda corroborado, pois, que a asociación non ten como fin un interese cultural, se non un interese e finalidade políticos e, polo tanto, quedaría desvirtuado o obxecto descrito nas bases da subvención.

En canto a que esta mesma subvención con bases idénticas concedéuselle a esta asociación xuvenil en anos anteriores, cabe sinalar que non figuran antecedentes no Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos doutras subvencións anteriores para o proxecto “Homenaxe ás cantareiras con motivo das Letras Galegas 2025”.

Se ben no ano 2023 a Asociación Galiza Nova beneficiouse dunha subvención en réxime de concorrência competitiva outorgada por esta Administración para fins culturais, non consta na documentación incorporada a aquel expediente a vinculación manifesta da asociación cun partido político; ao contrario do acontecido no actual proxecto, no que a achega de determinada documentación (cartel e estatutos), permitiu constatar a real e estatutaria finalidade da entidade.

En consecuencia, a desestimación da concesión da subvención polos motivos expostos non vulnera a confianza lexítima nin implica trato arbitrario, ao non atoparnos ante supostos de feito idénticos.

Quinto. De conformidade co disposto no artigo 123 da LPACAP, o órgano competente para a resolución do presente recurso será o mesmo que ditou o acto obxecto deste, é dicir, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra.



CONCLUSIÓN

Á vista dos antecedentes de feito mencionados e dos fundamentos xurídicos expostos, propónse a desestimación do recurso de reposición presentado por dona Marta Gómez Martín, en representación da Asociación Xuvenil Galiza Nova, fronte ao acordo da Xunta de Goberno, de 26 de setembro de 2025, polo que se desestimaba a súa solicitude de subvención para o proxecto “Homenaxe ás cantareiras con motivo das Letras Galegas 2025”, nos termos expostos.”

De acordo co disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma, tal e como acontece no presente expediente respecto do informe do Xefe do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos anteriormente transcrito cuxo contido se acepta na súa integridade.

Conforme ao sinalado no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o órgano competente para a resolución do presente recurso é a Xunta de Goberno.

Vistos os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Prestar conformidade ao informe do Xefe do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos transcrito anteriormente e desestimar o recurso de reposición interposto por dona Marta Gómez Martín, en representación da Asociación Xuvenil Galiza Nova, fronte ao acordo da Xunta de Goberno, de 26 de setembro de 2025, polo que se desestimou a súa solicitude de subvención para o proxecto “Homenaxe ás cantareiras con motivo das Letras Galegas 2025”, no marco da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025.

18.35759.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

19.35760.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

APROBACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-4001 DENDE O PQ 0+810 ATA O PQ 1+710 (CONCELLO DE PONTEAREAS) - PRTR” (EXPTE. 2024078759)

Resultando.- Que a estrada EP – 4001, cuxa titularidade pertence á Deputación de Pontevedra, ten unha lonxitude total de 8.150 metros e discorre integramente polo concello pontevedrés de Pontearreas.

Resultando.- Que o treito da estrada EP – 4001 desde o P.Q. 0+810 ata o P.Q. 1+710, localízase entre o núcleo urbano de Pontearreas, desde a intersección coa rúa de acceso ao IES Pedra da Auga, e o núcleo rural de A Gaiosa, na parroquia de Fontenla, cubrindo uns 900 metros. Este tramo atópase nun entorno urbanizado con edificacións e peches en ámbalas marxes da vía, pero presenta as características dunha estrada rural. Conta cunha sección de 6,00 metros de ancho medio e dous carrís de circulación. Dispón de beirarrúas só nos primeiros 130 metros do percorrido.



Resultando.- Que compre realizar actuacións que dean prioridade ao tráfico peonil, incrementando o espazo ocupado polas beirarrúas e creando zonas de convivencia cando o ancho das mesmas non permita o cumprimento das condicións de accesibilidade. Así mesmo, cómpre incrementar a seguridade da estrada con pasos de peóns elevados e redutores físicos de velocidade como ferramentas de calmado do tráfico rodado. En definitiva, actuacións que permitan unha contorna segura tanto para os cidadáns como para os visitantes. En aras da mellora da eficiencia enerxética nos servizos, cómpre a renovación do alumeadado do tramo substituíndo o actual por tecnoloxía LED.

Resultando.- Que o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) de España é unha folla de ruta para a modernización da economía española, a recuperación do crecemento económico e a creación de emprego. O citado Plan inclúe investimentos e un amplo conxunto de reformas estruturais que se interrelacionan e retroalimentan para lograr catro obxectivos transversais: avanzar cara a unha España máis verde, máis dixital, máis cohesionada desde o punto de vista social e territorial e máis igualitaria.

Resultando.- Que no PRTR, como parte do Compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (14.I1). Os Plans de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) son concibidos como proxectos que permiten ás entidades locais configurar en cada territorio e destino unha resposta ante os retos da sustentabilidade turística, no exercicio das súas competencias a través das actuacións previstas nos catro eixes previstos na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos: transición verde e sostible, eficiencia enerxética, transición dixital e a competitividade dos destinos.

Resultando.- Que no marco da convocatoria extraordinaria, a Deputación de Pontevedra presentou o "Plan de Sustentabilidade Turística en Destino Condado - Paradanta – Unha Terra entre Ríos" (PSTD Condado Paradanta, en diante). A súa concesión foi ratificada a través da Resolución do 4 de xaneiro de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo.

Resultando.- Que o PSTD Condado-Paradanta prevé dispoñer dunha estratexia de turismo sostible como ferramenta de dinamización territorial que permita dar profundidade, calidade e variedade á oferta, activando recursos culturais e naturais, e mellorando a calidade das experiencias en destino.

Resultando.- Que o Servizo de Turismo traslada ao Servizo de Infraestruturas a necesidade do acondicionamento da estrada EP-4001 ó longo duns 900 metros, entre o núcleo urbano de Pontearreas e o núcleo rural de A Goiasa, co fin de mellorar a funcionalidade da vía e a súa seguridade tanto para o tráfico rodado como peonil.

Resultando.- Que o proxecto de mellora da mobilidade peonil concíbese como elixible enmarcado na actuación 4 do eixe 2 do PRTR que recolle as actuacións de mitigación do cambio climático, actuacións dirixidas a reducir a enerxía necesaria para proporcionar produtos e servizos turísticos, limitando a contaminación por carbono e estimulando a transición cara á enerxía renovables, así como accións de mobilidade sostible.



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse pola, enxeñeira Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., o proxecto de construción “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Ponteareas)”, cun orzamento base de licitación de 729.230,06 € IVE Incluído. A este proxecto asinouse o código CSV: KCAAP1MK0HG4QT67.

Resultando.- Que con data 18/02/2025 formalizouse entra a Deputación de Pontevedra e o Concello de Ponteareas, convenio de colaboración para levar a cabo a execución da Actuación 4 “Plan Integral de Mobilidade en Destino” no marco do eixo 2 “Eficiencia enerxética”- Proxecto “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Ponteareas)” no marco do PRTR compoñente 14- Plan de Sostibilidade Turística en Destino”, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Turismo e a Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Ponteareas)”.

Resultando.- Que recolle o citado convenio que na súa cláusula 4 que será obriga de Deputación de Pontevedra, licitar, adxudicar, executar e recibir os traballos na memoria descritiva do proxecto.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC número 12025000005309 por importe de 336.544,04 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/4456.4530.612.02.2021 dentro do proxecto de gasto código nº 92210005, pola achega de Deputación e documento RC número 12025000206759, por importe de 392.686,02 € con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.02 dentro do proxecto de gasto código nº 92210005, polas cantidades restantes correspondente co gasto financiado polo PRTR e o Concello de Ponteareas.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: F3JGWD9E3YFIADJ, informe de supervisión favorable do proxecto emitido polo director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Resultando.- Que consta no expediente, informe de fiscalización emitido pola Intervención.

Resultando.- Que o proxecto das obras fai constar que se fai necesaria a ocupación de terreos no ámbito da actuación. A día de hoxe eses terreos están postos a disposición da Deputación de Pontevedra, libres de toda carga, por parte do Concello de Ponteareas, segundo pon de manifesto o certificado do secretario do Concello Ponteareas de data 07/08/2025 (CSV:1817HZKSXJC0MIVT).

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: D655HSSQ9NUKADGF resolución da dirección xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, autorizando as obras.



Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: "...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación..."

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

- Aprobar o proxecto de execución da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Pontearreas)", redactado polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., cun orzamento base de licitación de 729.230,06 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: KCAAP1MK0HG4QT67.

20.35761.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez e cincuenta horas do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

